



<u>Acta número:</u> 11	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 30.09.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:10

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela  
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo  
D<sup>a</sup> María do Carme Fouces Díaz  
D. Raimundo González Carballo  
D. Vicente Garcia Legísima  
D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez  
D. Xosé Luis Bara Torres  
D. Demetrio Gómez Xunqueira  
D<sup>a</sup> María do Pilar Comesaña Hermida  
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño  
D. Jacobo Moreira Ferro  
D<sup>a</sup> María José Rodríguez Teso  
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> Beatriz García Riestra  
D. Pablo Fernández López  
D. César Alberto Abal González  
D<sup>a</sup> Rosa Encarnación Picallo Quiveo  
D. Miguel Ángel Meijón Couselo  
D<sup>a</sup> Eloisa María Nogueira Garrido  
D. Antonio Louro Goyanes  
D. Agustín Fernández González  
D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García  
(D<sup>a</sup> María Carme Da Silva Méndez, D. Xosé Luis Bará Torres e D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reborero, incorpóranse durante o punto 2 da orde do día)

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D<sup>a</sup> Blanca Vega Lorenzo

Non asiste: D<sup>a</sup> María Biempica Ortiz

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, declara constituída e aberta a sesión.

**ORDE DO DÍA:**

**A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR :**

**1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 23.07.2013.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 23.07.2013, que é aprobado por unanimidade (21) e sen modificación ningunha.

Incidencias.- Incorpóranse á sesión D<sup>a</sup> María Carme da Silva Méndez, D. Xosé Luis Bará Torres e D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo.

**B) PARTE RESOLUTIVA:**

**2.- ECONOMÍA E FACENDA. CONTA XERAL DO CONCELLO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E A EMPRESA "TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.", CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2012.**

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame favorable, por maioría (abstención do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 18.09.2013, emitido sobre a aprobación da conta xeral do Concello, os seus organismos autónomos e a sociedade mercantil "TURISMO DE PONTEVEDRA, SA" correspondente ao exercicio de 2012.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista, don Raimundo González Carballo.

**O Sr. González Carballo:** Moitas grazas, bos días.

Aínda que evidentemente esta é unha cuestión reglada que todos os anos ten que vir ao Concello o que é a aprobación da conta xeral, é tamén unha obriga pois haina que remitir ao Consello de Contas.

En todo caso, dentro do informe elaborado ao efecto, facer dous apuntes, en primeiro lugar resalta o informe elaborado polo Órgano de Xestión Orzamentaria e fiscalizado pola Intervención xeral, que tal e como se informou no seu día o Concello de Pontevedra está en situación de estabilidade orzamentaria e así se refire ao exercicio 2012 e, por outro lado, os resultados que dá son tremendamente positivos porque a 31 do 12, as existencias en Tesourería o que é a liquidez eran 18.676.618,95 €, que se traduce en que os indicadores financeiros do Concello, tal e como é a liquidez inmediata estea no 1,83 fronte ao 1 que sería o mínimo legal establecido, ou a solvencia a curto prazo, que o mínimo é 1, está no 5,38, ou na débeda por habitante que estamos falando de 297 €, por non aburrilos con outros indicadores financeiros e patrimoniais que todos dan moi bos resultados nesta conta que hoxe se trae a Pleno.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. González Carballo.

A continuación, concede a palabra a don César Alberto Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular.



**O Sr. Abal González:** Muchas gracias, Sr. Alcalde. Buenos días a todos.

Vamos a ver el artículo 208 del Texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales 2/2004, dice textualmente “las entidades locales, a la terminación del ejercicio presupuestario, formarán la cuenta general que pondrá de manifiesto la gestión realizada en los aspectos, económico, financiero, patrimonial y presupuestario”, dicho texto exige que se someta antes del uno de junio del ejercicio inmediato siguiente a la comisión especial de economía y cuenta, Economía e Facenda neste caso. La Comisión la convocaron ustedes, Sr. Raimundo, el 12 de julio, superando ampliamente este margen y la comisión se celebró el 2 de agosto. Exige, asimismo que se haya traído a Pleno antes del uno de octubre, el uno de octubre es mañana. O Sea que usted, que tanto le gustan las prórrogas, otra vez por un escaso margen de un día, fíjese que si el Sr. Louro nos hubiera pedido hacer este pleno unos días más tarde para traer la modificación que quiere realizar con los crematorios, estaríamos fuera de plazo, menos mal que no se le ocurrió, Sr. Louro, hacer este pleno el martes o el miércoles sino estaríamos fuera de plazo, con lo cual incumplimos el primer plazo y justo en la tanda de penaltis esta vez el balón entró.

El informe de la cuenta general dice algo muy alarmante y estuve contando uno a uno todos los reparos que emite Intervención. Esta cuenta general resalta la cantidad de 138 reparaos, 138 reparos, esto no sé si será un record histórico, 138 reparos de Intervención, 138 veces que Intervención dijo y alegó que usted estaba incumpliendo alguna ley, alguna normativa y lo fundamentó. Ante esto hay dos tipos de políticos, o tres, con usted serían tres, hay los que defienden subsanar las deficiencias que emite Intervención; hay los que deciden despreciarlo y tiran de decreto de Alcaldía para solventarlas alegando interés general y tiran hacia adelante; y hay otros que realizan chapuzas como puede ser su caso.

No obstante, decirle que este es un documento técnico informativo que exige la ley traerlo aquí como bien usted ha dicho, hay que llevarlo al Tribunal de Cuentas pero por el incumplimiento de la comisión y de todo esto que acabo de alegar nos vamos a abstener.

Muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Seguidamente, concede o uso da palabra a don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Fernández González:** Simplemente para manifestar que el grupo socialista vai a votar a favor da aprobación e como no se dixo nada interesante por parte da oposición, dende o punto de vista de interese político, non teño máis que comentar.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Grazas, Sr. Fernández.

A continuación concede a palabra ao portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Raimundo González Carballo.

**O Sr. González Carballo:** Moitas grazas.

É Consello de Contas non Tribunal de Contas, vai á comunidade autónoma, ao mellor cando reformen a lei xa irá ao Tribunal de Contas, de momento aínda vai ao Consello de Contas.

Mire, primeiro que a min no me dan, vostede os contaría, pero mire de catro ou cinco mil facturas que se despachan no Concello efectivamente hai 43 reparos ao pago de facturas, 43, está aquí, a min sumándooas dábase iso, das cales 18, é dicir case o 50% son porque lle obrigamos ás empresas a que teñan eles o responsable en materia de seguridade e saúde que suporía aproximadamente entre 1 e o 2 por cento do orzamento, co cal estamoslle aforrando cartos ao Concello. En vez de contratar á seguridade e saúde, nos pregos imputámoslla á concesionaria, xa lle digo 18 de 43, e nos outros que foron levantados, quero dicir que non eran reparos suspensivos nin moito menos que son 50, 43 máis 50 son 93, pois resulta que 20 se refiren ao tema de mantemento dos ascensores, é dicir o 40% das 50 se refiren ao mantemento de ascensores porque hai un problema, normalmente quen mantén o ascensor é o mesmo instalador, como pasa nas comunidades, en calquera comunidade é iso e evidentemente se podería sacar a concurso pero se se saca a concurso esas empresas non terían os repostos, te tardaría, etc., e teríamos un servizo un tanto deficitario. Ademais 13 se refiren ao tema do mantemento da rede semaforizada que, de sacalo a concurso evidentemente implicaría moito máis diñeiro.

Por tanto, a gran maioría dos reparos é como consecuencia ou ben do aforro que lle implica ao Concello ou ben como consecuencia de ter un mellor servizo como pode ser no caso dos ascensores; e iso son maioritariamente e en tres casos xa lle comentei da orde de cincuenta e pico reparos, todos foron solventados co correspondente informe técnico, sen ningún problema como corresponde na legalidade vixente.

Creo que o que deberan de facer, é dicir as contas están aquí, os resultados son óptimos e o normal e que votaran a favor pero sigo sen entendelos porque vostedes mesmos nos din unha cousa que nos din a contraria porque un ano votan a favor, outro ano votan en contra, outro ano se absteñen, supoño que para o ano que ven pois tocará en contra ou a favor.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas Sr. González Carballo. Algunha outra intervención?

Ten a palabra o Sr. Abal González.

**O Sr. Abal González:** Simplemente, siempre bla bla bla, no explica nada, 138 reparos, usted a explicado algunos no explica los importantes, son 138 veces que alerta Intervención, 14 años ha tenido usted para solventar todos esos reparaos.

El 1 de junio, nada nos explica de por qué incumple el primer plazo de convocar la comisión y siempre estamos el último día, en los penaltis, realizando todo esto y no podemos votar a favor cuando se ha incumplido unos de los plazos.

Nada más.

Incidencias.- Auséntase da sesión D. Xosé Luis Bará Torres.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Sr. González Carballo, ten a palabra.

**O Sr. González Carballo:** Primeiro, non explica que a levamos dúas veces cando



legalmente só é unha. En segundo lugar, nós chegamos aquí e trouxemos as 6 ou 7 contas do Partido Popular non fóra de prazo senón septuplicado o fóra de prazo no seu día, é dicir que tivemos que traer as contas dende o 92 para adiante no seu día e non pasou absolutamente nada e todos os anos as estamos traendo así, nunca plantexou problema, non é ningún problema, que o ano que ben quere facer a comisión o 29 de maio, non hai ningún problema, aí a cuestión é que antes do 15 de outubro hai que envialas ao Consello de Contas e se envían, curiosamente por non votar a favor porque non teñen por onde entón se agarran en algo que non dixeron na súa vida que se o 1 de xuño ou o 24 de agosto; a próxima vez se quere traémoslla o 18 de xullo, non se preocupe.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía, Facenda e Especial de Contas, acorda:

Aprobar a Conta Xeral do exercicio de 2012 do Concello de Pontevedra, os seus organismos autónomos (IMD e Pazo de Congressos) e a sociedade mercantil "TURISMO DE PONTEVEDRA, SA".

### 3.- ECONOMÍA E FACENDA. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 15/2013 (3 CEXT 2013), MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (abstención do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 18.09.2013, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 13.09.2013, relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 15/2013 (3CEXT2013), mediante crédito extraordinario, por un importe de 425.333,32.- €, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 16.09.2013.

Incidencias.- reincorpóranse á sesión D. Xosé Luis Bará Torres.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista, don Raimundo González Carballo.

**O Sr. González Carballo:** Moitas grazas.

Esta modificación obedece ao convenio que se asinou o 31.12.2012, con Aquanorte, hoxe Acuaes, que implican as anualidade 2012-2013 do proxecto que está executando Aquanorte. Había certos problemas na atribución de obras que despois de contactar diversas veces con Aquanorte ou Acuaes, se nos imputaba unha obra que era do Concello de Marín e, ao final, iso se corrixiu, e se corrixiu aproximadamente no mes de xuño ou algo así, non sei exactamente a data en que se corrixiu.

En todo caso, si dicirvos que dende aí xa se tomou a decisión oportuna para que, no primeiro pleno que se celebrara dende aquela, xa estaba o expediente e claras as contas, pois se fixera a correspondente modificación orzamentaria. Evidentemente esta é unha cuestión transcendental porque estamos falando de un convenio que implica para os concellos de a ría de 33 millóns de euros o cal non é unha contía nada desdeñable; entón, como agora xa está todo correcto na addenda do convenio, por iso traemos as cantidades que loxicamente despois ten que presentar a empresa as correspondentes facturas para ir liquidándolle o que lle corresponde.

A contía esta dos 425 mil euros só vai para o convenio este e se detrae dos intereses de débeda na medida en que temos aforros nesa partida.

Nada máis e moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. González Carballo.

Seguidamente, concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, a don César Alberto Abal González.

**O Sr. Abal González:** Raimundo, usted decía que siempre por no votar a favor nos abstenemos, en el anterior punto, también decía en el anterior punto, no quise hacer réplica al final, decía que nunca habíamos alegado esta cuestión de antes del 1 de junio, le recomiendo que se revise, ya que nos demostró el otro día que sabe leer las actas, que se las revise en el año 2009, año 2010, que se revise los informes y las abstenciones que se produjo el Partido Popular aquí mismo con las mismas cuestiones.

Efectivamente esta es una obra de interés general y aunque hubieran realizado presupuesto, como esto se aprobó el 31.12.2012 hubiera que haber hecho igualmente una modificación de crédito, por lo tanto nos parece una obra de interés general que indudablemente no le hubiera quedado otra fórmula que recurrir a la modificación de crédito, esto no es prever unas inversiones, no es prever un gasto, entonces vamos a votar a favor.

Muchas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, presta a súa aprobación ao proxecto de acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 15/2013 (3 CEXT/13), por un importe total de CATROCENTAS VINTECINCO MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E DOUS CENTIMOS (425.333,32.- €), con arranxo ao seguinte detalle:

CREDITO EXTRAORDINARIO:

APLICACION ORZAMENTARIA	DENOMINACION	IMPORTE EN EUROS	FINANCIAMIENTO MEDIANTE BAIXAS POR ANULACION
06.161.0-723.00	Convenio Aquanorte: Novo abastecemento auga a Pontevedra e a súa Ría	425.333,32 €	425.333,32 €

BAIXAS POR ANULACION:



PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE	Nº RCMOD
02.011.0-310.07	XUROS CONTRATO NGB 6143/5	1.622,94 €	2013-35266
02.011.0-310.08	XUROS CONTRATO NGB 6213/2	5.850,48 €	2013-35267
02.011.0-310.09	XUROS CONTRATO NGB 6319/5	1.722,23 €	2013-35268
02.011.0-310.10	XUROS CONTRATO NGB 6352/5	3.800,00 €	2013-35269
02.011.0-310.11	XUROS CONTRATO NGB 6359/5	10.500,00 €	2013-35270
02.011.0-310.12	XUROS CONTRATO NGB 6456/7	26.800,00 €	2013-35271
02.011.0-310.13	XUROS CONTRATO NGB 6501/3	17.000,00 €	2013-35272
02.011.0-310.14	XUROS CONTRATO NGB 6881/2	50.000,00 €	2013-35273
02.011.0-310.15	XUROS CONTRATO NGB 7133/5	68.000,00 €	2013-35274
02.011.0-310.16	XUROS CONTRATO NGB 52391/06	65.000,00 €	2013-35275
02.011.0-310.17	XUROS CONTRATO BBVA 2007	65.000,00 €	2013-35276
02.011.0-310.18	XUROS CONTRATO NGB 8207.6/08	70.000,00 €	2013-35277
02.011.0-310.19	XUROS CONTRATO BBVA 2009	40.037,67 €	2013-35278
	<b>TOTAL BAIXAS POR ANULACION</b>	<b>425.333,32 €</b>	

Segundo.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación dos cálculos efectuados e remitidos ao MHAP a través da Oficina Virtual das Entidades Locais sobre a execución correspondente ao segundo trimestre do exercicio e a análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto estimado para a liquidación de 2013, que se concreta en:

REGRA GASTO ESTIMACION LIQUIDACION 2013	IMPORTE
LIMITE REGRA GASTO	62.581.003,34 €
GASTO COMPUTABLE 2013	59.462.955,01 €
<b>MARXE ATA LIMITE REGRA DE GASTO</b>	<b>3.118.048,33 €</b>

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA ESTIMACION LIQUIDACION 2013	IMPORTE
Caps I a VII INGRESOS	60.982.427,82 €
Caps I a VII GASTOS	62.542.354,33 €

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA ESTIMACION LIQUIDACION 2013	IMPORTE
AXUSTES SEC 95	3.976.727,15 €
<b>CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>2.416.800,64 €</b>

Cuarto.- Esta modificación orzamentaria 15/2013 (3CEXT/2013), considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

#### **4.- ECONOMÍA E FACENDA: RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO.**

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (coa abstención do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 18.09.2013, emitido sobre ás propostas de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, relativas ao recoñecemento extrajudicial de créditos correspondentes a diversas débedas contraídas.

Seguidamente, o **Sr. González Carballo**, portavoz do grupo municipal do BNG, pregunta sobre o sentido do voto do Partido Popular na Comisión de Economía e Facenda pois cre recordar que foi favorable.

O **Sr. Abal González**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, contesta: Nos abstuvimos en las tres, Raimundo, no sé si recuerdas.

O **Sr. González Carballo**: Era un erro meu, entendera que nesta votarades a favor, non pasa nada, non vou a intervir, perdón.

A continuación, aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede a palabra ao Sr. Abal González.

O **Sr. Abal González**: Nos habíamos abstenido la última vez y a lo mejor su error viene porque yo mismo le reconocí que esta era la primera vez que traía un reconocimiento extrajudicial de deuda en los casos que justamente prevé la ley y que es para lo que está hecho este mecanismo que son casos de excepcionalidad. Entendemos que estos dos casos, un gasto de sepelio y una factura que los informes de Intervención reconocen que la empresa la envió tarde, entonces justamente para esto es para lo que existe el reconocimiento extrajudicial de deuda, nada que ver con las fórmulas que vino utilizando usted constantemente durante todos estos años, donde llegó a gastar la friolera de 10 millones de euros por la vía de la puerta de





atrás, sin fiscalización alguna, con contratación verbal, pero en este caso, justamente, por primera vez, cumple la excepcionalidad y por lo tanto vamos a votar a favor.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abal.  
Sr. González Carballo, ten a palabra.

**O Sr. González Carballo:** Mire, revise ese acta, xa votaron a favor moitas máis veces.  
Grazas.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), presta a súa aprobación ás propostas de acordo de recoñecemento extraxudicial de crédito (incorporadas aos seus respectivos expedientes) correspondentes a diversas débedas contraídas e, en consecuencia, acorda:

**4.1.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO POR FACTURA EMITIDA POLA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), POR IMPORTE DE 2.000,00 EUROS, CORRESPONDENTE Á COTA DA REDE ESPAÑOLA DE CIDADADES SAUDABLES DO ANO 2009.**

Aprobar o recoñecemento extraxudicial do crédito da factura número RCS/09-0100, de data 30/04/2009, correspondente á cota da Rede Española de Cidades Saudables 2009, por importe de 2.000,00 euros e, en consecuencia, a ordenación do pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 01.922.0-466.00 do orzamento prorrogado para o 2013, operación contable AD 2013-31582.

**4.2.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR FACTURA EMITIDA POR "FUNERARIA SAN MAURO, SL", POR IMPORTE DE 1.224,54 €, CORRESPONDENTE Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENTERRAMENTO NO MES DE XUÑO DO ANO 2011.**

Prestar aprobación as débedas contraídas coa funeraria San Mauro, SL, CIF B-36571743, polo importe de 1.224,54 €, correspondentes á cantidade adebedada pola prestación do servizo de enterramento no mes de xuño do ano 2011 con recoñecemento extraxudicial da débeda, ordenando o seu pago con cargo á partida 12.231.0.226.08 conforme á seguinte operación contable: AD 2013-26117.

**5.- CULTURA: DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2014.**

De orde da Presidencia, polo Secretario Xeral dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión do Pleno de Cultura, Festas e Política Social, de data 17.09.2013, emitido sobre a proposta da Concelleira delegada da área de Cultura, para a determinación dos festivos locais do municipio para o ano 2014.

Sen intervencións e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da Comisión do Pleno de Cultura, Festas e Política Social, presta a súa aprobación a proposta da Concelleira delegada da área de Cultura e, en consecuencia, acorda:

Propoñer que sexan declarados festivos locais do municipio de Pontevedra para o vindeiro ano 2014 a incluír no calendario laboral como días inhábiles de traballo, retribuídos e non recuperables, os días:

- 5 de marzo, "Mércores de Cinza".
- 11 de xullo, "San Bieito".

## **6.- MOBILIDADE: ADHESIÓN Á REDE DE "CIDADES QUE CAMIÑAN" E RATIFICACIÓN DA "CARTA INTERNACIONAL DO CAMINAR".**

De orde da Presidencia, polo Secretario Xeral dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión do Pleno de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Obras e Servizos, de data 24.09.2013, emitido sobre a proposta da Alcaldía para a sinatura da "Carta Internacional del Caminar" e para a adhesión do Concello á "Red de Ciudades que Caminan"

Aberto o debate, o **Sr Alcalde-Presidente** concede a palabra a don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Muchas gracias, Sr. Alcalde.

En la última comisión de Infraestructuras se presentó por la vía de urgencia la adhesión a la Red de las Ciudades que Caminan y la ratificación de la Carta Internacional del Caminar. En dicha comisión sólo se nos facilitó parte de la documentación, sólo la carta internacional del caminar y no se nos dio ningún documento pese a haberlo pedido, relativo a la Red de las Ciudades que Caminan, por lo tanto en el asunto de movilidad de hoy estamos tratando dos asuntos: por un lado, adherirnos a una red, en este caso la de ciudades que caminan y, por otro lado, ratificar la carta internacional del caminar. Del primerio, la adhesión a la red, como acabamos ya de indicar no se nos ha facilitado ni en el momento de la comisión ni posteriormente ninguna documentación.

Al Partido Popular le han surgido y le surgen una serie de dudas debido a la información que hemos tenido que recabar fuera de este Ayuntamiento. Lo primero que tenemos que señalar es que esta asociación es, en principio, una asociación que carece de prestigio, es una asociación de nueva creación y diría más que no está ni siquiera creada y que, por lo tanto, el prestigio se le supone, no dispone de domicilio social, como está en gestación todavía no hay ni domicilio social, su manera de contacto es por medio de correo electrónico o por un teléfono móvil, no hay ni siquiera un teléfono fijo ni un fax. Se desconoce quién es el responsable o responsables de este embrión de asociación; se sabe, por sus estatutos, que el patrimonio fundacional es de cero euros, es decir que, de entrada, es una asociación que, digamos, hai que nutrir para que pueda iniciarse y subsistir.

No cabe duda que para adherirse nuestro Ayuntamiento debe aporta 300 € que yo añadiría, de momento, esto es para adherirse, de momento sabemos que son 300 €, lo que venda detrás lo sabremos después. En los estatutos se indica que esta asociación se financiará por los socios en forma de cuotas ordinarias e extraordinarias pero sin embargo no se determina ni la periodicidad ni tampoco se



nos indica nada de su cuantía, en principio parece que genera dudas y puede ofrecer peligros. Ahora bien, esta asociación da premios y da premios que denominan Ciudad que Camina, pero sólo se los dan a los que se adhieren, es decir un Ayuntamiento que realmente haya hecho una labor a favor del patón o del caminante, sino esta adherido no va a tener oportunidad de tener premio, es importante estar adherido sino es imposible y estamos por lo tanto hablando, de momento, por lo que hemos indicado de una asociación que yo, al menos, la tengo que denominar fantasma, por no estar, Sr. Alcalde, no está ni registrada en el registro nacional español, le falta hasta lo más elemental, pero eso si para ustedes, sobre todo para el BNG y para usted, Sr. Alcalde, es importante entrar ahora porque el día 16 de octubre, dentro de 17 días, va a haber un primer congreso y en ese congreso que se va a celebrar en la Rinconada, cerca de Sevilla, usted puede ir si el Ayuntamiento, dígame los pontevedreses, contribuimos con 300 €, hombre no es mucho, pero nos gustaría saber a quién se los va a quitar, porque alguien se va a quedar sin 300 €, eso de lo usted por hecho. Ahora bien, gracias a esa inversión y a ese gasto que va a hacer Pontevedra en una inversión fantasma, o lo que nosotros entendemos como tal, le permite acudir a usted y puede hasta acudir con algún acompañante, no cabe duda que seguramente el Ayuntamiento de Pontevedra pagará su viaje, suponemos que por lo tanto los 300 € se van a empezar a incrementar con ese desplazamiento.

Tiene la virtud de que hace propaganda, sobre todo al que va, el que va puede hacer propaganda antes de salir, en el camino, al llegar y al volver y esa propaganda, señores del PSOE, no va a ser para ustedes. Ustedes en lo que es el modelo de ciudad del Sr. Alcalde no están ustedes, nosotros tampoco, ya lo damos por hecho, pero ustedes no son ni comparsa, todo lo que se está montando aquí es para un grupo y para una persona.

No cabe duda de que este año no puede Pontevedra, ni el Sr. Alcalde, que le concedan la placa acreditativa, esa asociación que denominan placa acreditativa de las ciudades que caminan, este año no puede optar porque ya se cerró el plazo pero si entramos en este congreso para el año que viene tenemos esa opción, hay esa posibilidad y, a lo mejor, hasta se puede conseguir lo que nos ha apuntado en la propia comisión y luego en declaraciones el Sr. Mosquera de que, seguramente, el próximo congreso será en Pontevedra, era bueno que nos presentara usted el documento en donde realmente nos ratifique sus palabras porque dicho así puede ser cierto, no cabe duda, tenemos posibilidades, pero sino viene acompañado de algún documento, algún escrito, algo, pues queda en que lo dice usted, Sr. Mosquera, al menos de momento.

Si hay la placa el año que viene y usted está digamos allí, no se olvide de que como hay que crear la asociación y, como acabo de decir, la asociación no tiene ni local, ni teléfono, ni muebles, ni personal, ni nada, hay que pagarlo y sabe ¿quién lo va a pagar?, los socios, y usted por 300 € iniciales, que a alguien se los va a quitar, nos vamos a obligar a tener que montar todo este tinglado que hay que crear, ya se supone que el que ha hecho esto ya tiene más menos visto el local, más menos localizado a las personas que van a ocuparse de trabajar en él y más menos habrá hablado ya para la compra de la parte informática y de telefax o de lo que haga falta, y eso alguien lo va a pagar, los socios, por lo tanto si nosotros somos socios lo pagará Pontevedra.

A nosotros esto nos genera problemas, nos genera dudas, nos genera dudas lo que es la red y la red se dice de las ciudades que caminan, esta red nos preocupa y lo

que hacemos es alertar a un amigo y más a una ciudad como Pontevedra, si nos pidieran un consejo diríamos que es una imprudencia, esto es una asociación que parece que informaron al Sr. Alcalde en Munich que existe, pero no está creada, esto hoy por hoy no es nada, es una entelequia y nosotros desde nuestro partido lo que queremos es advertir que aquí puede haber un problema.

Con respecto al segundo punto, la Carta Internacional del Caminar, por supuesto, nosotros no tenemos ningún problema, pero no sólo estamos dispuestos a ratificar esta sino también estamos dispuestos a la Carta de los Derechos del Peatón que aprobó el Parlamento Europeo en 1988 y la Carta Internacional del Caminar que lleva desde 1999, no es de ayer, o sea no es una novedad que hayamos descubierto ahora, esto ya lleva 14 años en marcha y, bueno, ratificarla, pues con mucho gusto, faltaría más, lo malo es que va unido a la red y claro, o lo desligamos y votamos independientemente o si no tenemos un problemas y tenemos que decir algo más, esto viene a este pleno porque la red exige que tenga una aprobación plenaria sino este asunto no lo estamos debatiendo en este pleno, este asunto se hubiese debatido en el despacho de la Alcaldía y este asunto estaría resuelto desde su despacho, Sr. Alcalde, no estaríamos aquí hablando de ello, usted lo trae porque le obligan a ello, y la verdad no es que usted quiera tener transparencia a usted le obligan, en este caso, a la transparencia.

Ahora bien, pese a lo dicho y las advertencias que desde nuestro grupo señalamos, a nuestro grupo no queremos que se nos tache más de que tenemos obsesión, manía o algo parecido contra el peatón, nosotros eso lo hemos apoyado y lo apoyaremos siempre, Sr. Alcalde, y por lo tanto, dicha la advertencia, nuestro grupo va a votar a favor, porque no queremos que se nos pueda tachar de que queremos frenar o parar lo que se entiende, la ayuda al peatón, al ciclista, en una palabra, al ciudadano, pero era bueno que, Sr. Mosquera, no ha hablado nada sobre el particular, que nos hubiese primeramente explicado y sobre todo el título de ciudades que caminan, que nos dijera hacia donde caminamos.

Muchas gracias, y el voto de nuestro partido va a ser a favor.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Aguilar Argenti.

A continuación concede a palabra a don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Fernández González:** Si, Sr. Alcalde, simplemente para matizar unhas cuestións que matizou o Sr. Aguilar. Mire, os que non teñen modelo de cidade son vostedes, vostedes non están no modelo de cidade, non é o partido socialista o que non está, son vostedes os que non están no modelo de cidade, vostedes levan toda a vida poñendo pegas, facendo críticas, soliviantando aos veciños alí onde poden e o problema e que vostedes non teñen modelo de cidade, pasaron da balea á nada, ese é o problema, Sr. Aguilar.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

De seguido, concede a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

O Sr. Aguilar, que exerce de portavoz do PP, creo que foi sumamente claro en



moitos aspectos, primeiro, claro que é unha solución que está unha xestora, perfecto, en caso de que funcione mal ou non funcione ou non se paga, ou nos damos de baixa e punto, anda que non ten sucedido, anda que non ten sucedido con adhesións, non sei onde está o problema, hai xa unha serie de cidades adheridas e demais. Segundo, non se preocupe polos premios, este Concello nunca se presentou a ningún premio, nunca, en todo caso presentaron ou o que fora, pero ningún, se llo deron foi por outros motivos ou porque houbo algunha asociación como stop accidentes que nos presentaron.

Que parece que lles molesta, xa se notou, cando foi o Intermodes vostedes non tiveron a ben, estaban convidados a ir, nós non queremos a exclusiva de nada, cremos que é bo para Pontevedra ter esa proxección, ter ese recoñecemento e non queremos monopolizar a exclusiva de nada, son vostedes os que se exclúen.

Con respecto ao que hoxe estamos a votar, mire, temos bastantes solicitudes tanto de asistencia como de adhesións a toda unha serie de organismos e demais, obviamente somos bastante restritivos á hora de aceptar estes convites ou estas solicitudes de adhesións, porque hai máis que facer; neste caso sucede unha cousa que se nós vamos a Munich, convidados por Walk21 que agora tamén nos dirá que está en xestión e que non sabe quen son, cando van no 14 congreso. Se asina esa carta que se quere impulsar que efectivamente xa houbo moitos acordos de ese tipo, que se quere impulsar e resulta que dentro do Estado español hai unha asociación que está traballando para recoñecela aquí, pois como que nos pareceu excesivamente presuntuoso, estar en Munich, o ir, agora pronto se sabrá, probablemente iremos a outras cidades, porque outra cousa é dicir aquí no Estado español nós como que non entramos xa vamos de sobrado, esa é a razón de fondo para entrar, é a razón, non hai outra, un pouquiño de humildade, se resulta que estamos convidados a ir o ano que ben a Sidney, que seguramente non vaiamos, polo custo e polas distancias e demais e vamos a Munich e non sei que, e os que están impulsando aquí, cos medios que teñen, que por desgraza non son moitos, dicir, nós hai non porque nos xa só nos codeamos con non sei que, esa é a razón de máis peso para entrar e non hai outra e non se preocupe se esta non funciona. Houbo varias, houbo, por exemplo, as cidades romanas, que tamén nos adherimos, despois non foi adiante, non pagamos, e non se sabe se estamos de baixa ou non pero non pagamos e non pasa nada, non se preocupe en absoluto. O que si é preocupante é esa insistencia iso que está traducindo de que parece que senta moi mal que Pontevedra se estea poñendo no mapa e que sexa recoñecida e que nos premien. Hoxe mesmo, un correo electrónico do Presidente de Walk21 que quere facer un, chámalle Masterclass, ou sexa unha clase maxistral e que o Alcalde de Pontevedra, entre outros, quere xuntar ao Alcalde de Lisboa, de Porto, de Estambul, de Barcelona, de Wrestia, de Munich e demais, non sabemos se o podemos facer ou non, non podemos estar todos os días.

Cando dicimos que estamos tendo destas solicitudes continuamente é que as estamos tendo continuamente, despois hai que ordenalas e ir a unhas ou outras, agora non acabo de entender, creo que debe ser un motivo de alegría para todos os grupos políticos e para todos os pontevedreses que Pontevedra teña este recoñecemento a esta traxectoria, ogallá o tivéramos en moitos outros campos, o temos como modelo de cidade e creo que traducir esa oposición, iso de que parece que todo se fai mal neste campo, creo que é bastante desafortunado.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Mosquera.

Algunha outra intervención?. Sr. Aguilar Argenti ten a palabra.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Muchas gracias, Sr. Alcalde, sólo para dos comentarios.

Me apuntaba el Sr. Fernández que realmente el partido socialista era colaborador de lo que se entiende de ciudad, digamos como la nueva Pontevedra; ustedes colaboran en lo que les dejan, pero si usted realmente piensa con sinceridad, con ustedes no cuentan nada más que para lo estrictamente necesario y, sobre todo, para conseguir el voto, les puede a ellos conseguir al BNG que son los que venden, los que presumen y que realmente dicen que han hecho una nueva Pontevedra, un modelo de ciudad, su modelo de ciudad, no es nuestro modelo de ciudad ya que la palabra plural no existe, al menos desde el BNG, si usted me dice que se lo cree, yo se lo creo, pero me da la sensación que hay un poco de ingenuidad.

Con respecto a usted, Sr. Mosquera, si realmente está tan claro, no lo ha explicado tampoco, usted tenía que haber iniciado este proceso, es decir este punto, explicándonos a todos el interés, las virtudes que tiene el asociarse a esta red, usted saltó a ver si había suerte y nadie hablaba del asunto, pero nosotros nos lo leímos y nosotros estamos informados pese a que el Ayuntamiento no nos dio ninguna información y usted mismo tampoco nos la ha dado en el día de hoy, hemos tenido que ser nosotros los que hemos tenido que explicar que es esta red de las ciudades que caminan, al menos en el momento actual. Si hubiese usted iniciado y estuviese convencido de lo que defendía no cabe duda que tenía que haber empezado por darnos unas cuantas explicaciones.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Aguilar.

Sr. Mosquera Lorenzo, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Os argumentos pódense retorcer ata o infinito. Mire, senón se interveu foi como noutros puntos, francamente non me pasa pola cabeza que puideran destilar, tal manía, tal inquina, contra un tema francamente menor; está suficientemente coñecido e non tería moito sentido darlle a volta, vostedes se non soltan a bilis que teñen contra o modelo de cidade, despois votan a favor, primeiro soltan a bilis e todo son problemas, que se vamos a arruinar nos por 300 €, que si vai a custar, que senón se que, toda unha serie de cousas que se o modelo está patrimonializado por unha forza política, todo o que dixo e demais.

Francamente, que quere que lle diga?, os feitos están aí, cando foi o Intermodes, estamos agardando e estamos agardando que a Xunta, tivemos a delicadeza de convidar ao Conselleiro a que nos representara, estamos agardando que conteste. Obviamente, nin contestou, por que, porque está radicalmente en contra do modelo de cidade; agora despois non se atreve, son outras cousas, nin contestou, á parte e que nolo dixo, ao Alcalde e máis eu sentado no despacho, e que iso non o comparto en absoluto, como ía ir a recoñecer un premio por algo que non compartía, pois é coherente. Me parece que son vostedes un pouquiño máis incoherentes porque por un lado todo son problemas e están en contra, están todos os días con iso e, por outro lado votan a favor.

Agradecerlle o voto. Sr. Alcalde, creo que está suficientemente debatido e procedemos a votar.



Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), e de conformidade co ditame da Comisión do Pleno de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Obras e Servizos, presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía, de data 18.09.2013 e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Autorizar a adhesión do Concello de Pontevedra á Rede de Cidades que Camiñan, aprobando os seus Estatutos, que se xuntan á presente proposta.

Segundo.- Ratificar a Carta Internacional do Camiñar, manifestando a vontade do Concello de asinar o anterior documento.

Terceiro.- Designar ao Sr. Alcalde, don Miguel Anxo Fernández Lores, como representante do Concello de Pontevedra ante a Rede de Cidades que Camiñan. O Alcalde poderá delegar esta facultade nos termos previstos na lexislación de réxime local.

Cuarto.- Aprobar o pagamento da cota anual que lle corresponda ao Concello de Pontevedra como socio da Rede de Cidades que Camiñan.

## 7.- PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADITIVAS 2013-2016.

De orde da Presidencia, polo Secretario Xeral dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión do Pleno de Cultura, Festas e Política Social, de data 17.09.2013, emitido sobre a proposta da Concelleira delegada de Igualdade e Benestar Social relativa á aprobación do Plan Municipal de Prevención de Condutas Aditivas de Pontevedra 2013-2016.

Incidencias.- Auséntase da sesión D<sup>a</sup> María Carme Da Silva Méndez.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede a palabra a María do Carme Fouces Díaz, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

**A Sra. Fouces Díaz:** Traemos aquí o plan 2013-2016 de prevención de condutas aditivas e debemos dicir que é un plan que podíámolo ter ou non, é dicir non hai unha obrigatoriedade para establecer un plan de prevención pero entendemos que si en algo pode contribuír un Concello a traballar no ámbito das condutas aditivas é precisamente na prevención.

Estamos nunha situación privilexiada para poder acceder aos centros educativos, poder ter contacto coa mocidade, coa xuventude, polo tanto cremos que a nosa aportación, no ámbito da prevención de condutas aditivas, é importante e ademais que encaixaría ben no que sería unha política municipal. A pesar de que o marco legal neste momento está bastante indeciso na medida en que todos sabemos e é incontestable o feito de que se van a estar modificando proximamente as competencias de os concellos e é probable que nestes ámbitos tamén aparece algunha modificación e que as competencias municipais no ámbito neste caso das condutas aditivas desaparezan na súa totalidade ou non. En principio a situación está bastante indecisa e bastante complicada, por iso nós a pesar de todo, a pesar de non saber moi ben como van quedar as cousas, fixemos un plan ademais o máis centrado posible na prevención tendo en conta que cremos que é o ámbito

municipal onde quizais non se falaría de unha competencia impropia e ademais o vinculamos como manda o plan de trastornos aditivos de Galicia 2011-2016, o vinculamos totalmente á lei do 96 de Galiza sobre drogas e, segundo esa vinculación, o plan se vai a estruturar en prevención, en incorporación social, formación, investigación e coordinación; prevención, como digo, fundamentado e traballado no ámbito dos mozos e das mozas e das súas familias, tamén da poboación escolarizada normalmente nos tramos de secundaria e bacharelato; no ámbito da incorporación social vamos a facer un reforzo importante no que é os servizos sociais municipais e darlle, sempre se priorizaron a entrada de persoas con condutas aditivas nos determinados programas de servizos sociais e vanse manter esas liñas e se van a reforzar; da formación e da investigación, falaremos con docentes e familias, incluso coa recollida dos datos que se vaian tendo ao respecto de todas esas actuacións e prevención; na coordinación creamos una nova figura coa mesa de prevención do plan, que sería unha mesa onde vai haber unha coordinación interna entre as administracións e os actores internos do Concello que actúen en prevención de condutas aditivas e tamén haberá unha coordinación cas administracións externas á local, como poden ser sanidade, educación, Sergas e demais. Introducimos algo que a lei de drogas do 96 de Galiza non introduce pero que cremos en que polas datas en que se publicou esa lei non estaba nas axendas e agora sería imperdoable non introducillo o que a transversalidade da perspectiva de xénero, en todas as accións a perspectiva de xénero vai a estar presente e ademais haberá un programa específico xa que os homes e as mulleres asumen comportamentos e riscos diferentes e ademais é necesario darlle respostas diferentes.

Como digo, é un plan que a pesares de que non sabemos como vai a quedar a situación, cremos que está o suficientemente ben dimensionado e acotado, no que son as competencias municipais, polo menos polo de agora, como para podelo desenvolver de aquí ao 2016.

Xustificamos a saída do plan, que estaba ata agora introducido na Unidade Asistencial de Drogodependencias-Unidade de Día, porque entendemos que si que é unha competencia impropia e introducila dentro do plan sería, neste momento, poñer en entredito a viabilidade deste plan para próximos anos.

Con todo isto creo que podemos chegar a obter uns resultados que se verán co tempo, porque estas non son cousas de poder medir nun ano ou dous, se verá co tempo, polo de agora os resultados que estamos obtendo son bos, hai que dicir que as técnicas que están neste momento ao fronte do plan de prevención están sendo requiridas pola Administración autonómica como expertas para comités específicos que se están creando en torno á prevención de condutas aditivas polo traballo que levan desenvolto, polo tanto nós cremos que nese marco estamos traballando ben, nolo están recoñecendo e por aí queremos seguir.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Fouces.

A continuación concede o uso da palabra a dona María José Rodríguez Teso, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**A Sra. Rodríguez Teso:** Moitas grazas, Sr. Alcalde, bo día.

Cremos que o plan municipal de prevención de condutas aditivas é algo moi necesario e que ven funcionando moi ben hai moito tempo, debido precisamente





como dicía a Concelleira de Benestar, sobre todo polo persoal que alí traballa e desenvolven unha labor moi importante e, precisamente por iso, imos votar a favor tal e como fixemos na Comisión pero non sen antes dicir que a Concelleira de Benestar escúdase sempre no posible cambio da lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local, é unha nova normativa que vai a establecer as competencias municipais, cousa que está aí e non sabemos como vai ser, pero o curioso é que a nosa concelleira escúdase niso para non aprobar un plan de absentismo e non traelo a pleno para aprobalo pero, sen embargo, si que se pode elaborar este plan. Por sorte que se leva adiante entón o que non entendemos e por que para unhas cousas si e para outras non e porque levamos un ano demandando que se aprobe ese plan de absentismo e ela leva un ano escudándose en ese posible cambio ou non, como dixo ela, nesas competencias.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Rodríguez Teso.

Algunha intervención?. Sra. Fouces Díaz, ten a palabra.

**Sr. Fouces Díaz:** O punto da orde do día e o debate do plan municipal de condutas aditivas. Eu agradezo que a crítica sexa esa porque as competencias que neste momento ten calquera corporación municipal ao respecto do absentismo escolar, este Concello está cumprindo cos plans que ten en servizos sociais, o resto son cuestións da Administración educativa que xa veremos en que acaba.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, co voto a favor dos 23 membros presentes, e de conformidade co ditame da Comisión do Pleno de Cultura, Festas e Política Social, presta a súa aprobación a proposta da Concelleira delegada de Igualdade e Benestar Social e, en consecuencia, acorda prestar aprobación ao Plan Municipal de Prevención de Condutas Aditivas de Pontevedra 2013-2016.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión D<sup>a</sup> María Carme Da Silva Méndez.

## **8.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA E DECLARACIÓN DE URXENCIA DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á REFORMA DA PRAZA DE A CASTAÑA.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente e por asentimento de todos os presentes (24), ratifícase a inclusión na orde do día e a declaración de urxencia da moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á reforma da praza de A Castaña.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“Exposición de Motivos

En los últimos años el gobierno local de Pontevedra procedió a reformar la Praza da Castaña, con un diseño que no fue ni consensuado ni tan siquiera consultado con el

principal colectivo vecinal, la Asociación de Veciños Río Lérez.

Con la reforma, el gobierno de Lores taló los árboles que allí había, en sintonía con su cruzada contra las zonas arboladas en Pontevedra.

El diseño definitivo supone una zona elevada y ajardinada hurtada al disfrute ciudadano, inaccesible, y que viene a reducir en gran parte la superficie útil de la plaza pública.

Los vecinos vienen reclamando desde entonces la rectificación de este diseño, de modo que la zona ajardinada quede al mismo nivel que el resto de la plaza, y se instalen en ella bancos, un alumbrado adecuado (ya que el actual es prácticamente inexistente) y un castaño, haciendo honor al nombre de la plaza.

Las peticiones vecinales han caído hasta la fecha en saco roto, algo que no sorprende cuando los vecinos explican que el Alcalde Lores lleva sin recibir a la Asociación desde el año 1999.

Dado que en estos días pasados se acaba de iniciar la reforma de la Calle Santa Clara, consideramos que es buena ocasión para aprovechar estas obras y acometer simultáneamente la reforma de la Praza da Castaña, y atender así una demanda vecinal que consideramos justa, pues los vecinos de esa Plaza y de la Calle Cruz Roja también pagan sus impuestos.

El G.M. del Partido Popular, a quien han acudido los vecinos, recoge su voz y traslada sus peticiones a este Pleno a fin de que se apruebe el siguiente

**ACUERDO:**

Que se acometa a la mayor brevedad posible la reforma de la Praza da Castaña rectificando el diseño realizado y consensuando el nuevo diseño previamente con los vecinos.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede a palabra a don Pablo Fernández López, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**O Sr. Fernández López:** O grupo municipal do Partido Popular ven de presentar unha moción relativa á reforma de a praza de A Castaña a cal é recoñecida por todos os grupos desta Corporación que o deseño actual non é o correcto polo que estou seguro que contaremos co apoio favorable dos tres grupos.

É público que o goberno de Lores reformou a praza de A Castaña sen consensuar o deseño cos veciños, talaron as árbores na súa particular cruzada contra as zonas arboradas, como vimos nestas últimas notas de prensa inda querían ir máis alá por non entrar no tema de A Ferrería, soltaron aí unha pequena bomba a ver se colaba, o deseño definitivo resultou unha zona elevada e inaccesible que reduce o espazo útil da praza e os veciños veñen reclamando dende entón a rectificación deste deseño, rebaixando a unha única a plataforma a praza con bancos, alumeado e a lo menos un castaño, creo que a petición dos veciños non é ningunha locura.

As demandas dos veciños son ignoradas polo Alcalde que non os recibe dende o ano 99, segundo declaracións dos propios veciños, e recentemente acábase de iniciar a reforma da rúa santa clara que aproveito para felicitar ao partido socialista polo inicio da obra, 14 anos despois da súa promesa, pero polo menos iniciaron a obra. Entonces cremos que é un momento propio e unha boa ocasión para afrontar a remodelación de esta praza.

O Grupo municipal do Partido Popular propón o seguinte acordo: “Que se acometa, á maior brevidade posible a reforma de a praza de A Castaña rectificando o deseño



realizado e consensuado o novo deseño previamente cos veciños”.  
Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

Seguidamente concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, don Antonio Louro Goyanes.

**O Sr. Louro Goyanes:** Moitas grazas, Sr. Alcalde.

Para o goberno local o que é a rúa Santa Clara e o que é a Cruz Roxa, Fernando Olmedo ou José Malvar, a Avda de Bos Aires conforman unha zona de interese prioritario dentro das actuacións do goberno municipal, de feito facía vostede referencia a unha actuación que está xa en marcha e que supón unha inversión importante que é a reforma integral da rúa Santa Clara, que reitero, supón unha inversión moi relevante e que compromete ao goberno local.

Tamén nesta zona da cidade estase abordando o que é a urbanización de Tafisa e que, nas próximas semanas vai a ser entregada ao Concello e este espazo creo que tamén vai a reforzar moitísimo esa área da cidade no que son a mellora de espazos para uso, para disfrute do conxunto dos cidadáns, en marcha está a urbanización da pequena parcela de Tafisa que está en torno a José Malvar e o estadio da Xuventude y Fernando Olmedo onde se vai a configurar e así esta deseñado o que é un parque de tres mil e pico de metros con instalacións para o disfrute dos nenos, con algún espazo infantil, un espazo xuvenil para a práctica deportiva e tamén unha área para maiores, é unha actuación que tamén valoramos positivamente, tamén supón unha inversión importante nesta área da cidade.

A moción que vostedes presentan é a todas luces unha moción moi importante, é unha moción relevante porque, dalgunha maneira, recolle sentimentos dos veciños e que vostedes pretenden canalizar a través do Pleno da Corporación.

Sorprende que vostedes desperten este interese agora e non o teñan feito fai algún tempo, eu preguntome se a moción esta é urxente e obviamente nós votamos favorablemente a urxencia, Sr. Alcalde, pero entendemos que esta moción non ten ningunha urxencia. Preguntámonos se esta moción ten unha carga de oportunismo e é verdade que esta moción ten unha carga de oportunismo moi importante e, mesmamente, no texto da moción nos invitan a actuar con velocidade ilegal, fundamentado en que como estamos actuando en Santa Clara, actúan vostedes na praza de A Castaña, a praza de A Castaña terá a súa intervención no día que teña que telo e farase como hai que facelo e coa tramitación administrativa que requiren este tipo de actuacións.

Eu quero dicirlle aos veciños que dentro das nosas preocupacións está previsto actuar nesta zona, seguir actuando nesta zona, pero permítannos priorizar ao goberno municipal, permítannos priorizar na concellería de urbanismo, porque a moción é claramente oportunista, claramente demagóxica e, dalgunha maneira, permítanme que llo diga tamén, pretenden manipular os sentimentos dos veciños e como, non nos gusta iso, soamente lles diría tempo ao tempo, actuaremos pero permítannos ir priorizando, estámolo facendo no Camiño Vello de Castilla, estámolo facendo na rúa Santa Clara, a urbanización de Tafisa está chegando ao final e, polo tanto, é unha zona da cidade que vai ver moi mellorados todos os seus espazos e a súa preocupación, se é sincera, dígolle que tamén é a nosa e polo tanto tempo ao

tempo.

Nada máis e moitas grazas, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Louro.

Algunha outra intervención?. Si, Sr. Fernández ten a palabra.

**O Sr. Fernández López:** Esperaba unha intervención do Bloque Nacionalista Galego que ten moito que dicir neste campo, sorpréndeme.

Ben, Sr. Louro, fala vostede que é unha inversión de interese prioritario a reforma de Santa Clara; fálame vostede de Tafisa, tamén, creo que calquera día aparécenos pola porta o canal de televisión o Discovery Channel que en vez de facer un programa de megaconstrucións faga de megalicitacións, porque o de este goberno é increíble. Vostede prometeron a reforma do barrio de San Clara no ano 99, no seu pacto de goberno co Bloque Nacionalista Galego e explicitamente facían referencia á praza de A Castaña e á praza de Buenos Aires, é máis vostede pregúntase de a moción se é urxente, xa apelaban a urxencia da reforma no ano 99, van 14 anos.

Tempo a tempo vai transcorrendo e temos a reforma de Tafisa que foi prometida a entrega aos veciños hai meses e meses e meses, poderíamos continuar con exemplos non só da súa bancada, poderíamos pensar incluso na praza de Valentín García Escudero, tamén sería unha boa obra para facer un responsable no Discovery Channel.

Certo é que no verán do 2008 iníciáanse as obras na praza de A Castaña, sen consenso, é recoñecido por un concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, que é un erro, pero non asume o erro, di que é un erro técnico de deseño, botándolle a culpa aos funcionarios do erro que politicamente fixeron vostedes. É curioso o 7 de outubro de 2009 unha asemblea que o concelleiro de Mobilidade, Luis Bará, tivo cos veciños e a cal se lle anuncia que a principios de ano se faría unha reforma cun castaño, cuns bancos, etc.

Xa que os veciños non son recibidos polo Sr. Alcalde, gustaríame facer unhas pequenas citas destes veciños para que teñan cabida neste pleno e cito, “estaríamos máis contentos se o goberno local abriera cauces de participación e coherencia co que predicán”, fin de la cita, agosto 2008, mostrando o descoñecemento do proxecto de a praza de A Castaña; nova cita, “o proceso de remodelación da praza de A Castaña é un insulto á intelixencia e unha burla aos veciños”, fin da cita, maio do 2009, novo rexeitamento ao deseño da praza, esta seguro que lle gusta máis, Sr. Bará, “unha labor intelixente e silenciosa do novo concelleiro de mobilidade”, Luis Bará, e continua, “escoitándonos e buscando solucións mediante o diálogo, algo que xa coñecíamos anteriormente de el, o que lle honra, dando a cara e buscando solucións”, outubro de 2009, despois da reunión que citei anteriormente pero, uns meses despois, visto o visto, pasan os anos e novamente cito, “mentiuos, démoslle credibilidade a Luis Bará cando veu aquí a falar coa xente pero xa vemos que a súa palabra vale o mesmo que a do Alcalde”, maio de 2010, fin de la cita.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

A continuación concede a palabra a don Xosé Luis Bará Torres, concelleiro do grupo municipal do BNG.



**O Sr. Bará Torres:** Bos días, moitas grazas, Sr. Alcalde.

Non tiña previsto intervir pero ante as alusións do Sr. Fernández, teño que aclarar unhas cousas, por exemplo, falar un pouco da historia das sucesivas remodelacións de esta praza, porque esta que temos agora non foi a única que se fixo e no mandato do Sr. Pedrosa fíxose xa unha reforma de esta praza que polo que se ve non foi moi afortunada porque o que decidiron plantar alí foi un souto, un souto que, polo que se ve nunha zona urbana non é a mellor solución. Resulta que plantaron alí un bosque de castiñeiros que despois suscitou as queixas dos veciños e houbo que substituílos e foi esa a razón, non foi unha manía arboricida, porque polo que din vostedes parece que queremos exterminar as árbores da cidade e do rural cando se está facendo precisamente todo o contrario.

Efectivamente nesa zona fixéronse reformas, vostede facía referencia a un pacto do ano 1999, non sei onde viu ese pacto porque non houbo tal cousa pero en todo caso si que se fixo unha reforma de esa zona, incluíndo a praza da Avenida de Buenos Aires que está totalmente reformada, Cobián Roffignac, a rúa Cruz Vermella, a praza de A Castaña e a rúa Álvaro Cunqueiro, polo tanto fixéronse reformas nesta zona e agora están acometéndose outras como informou o concelleiro de urbanismo.

Eu si que recoñecín que esa solución que se aplicou aí ao mellor non era a máis acaída, é unha realidade, pero a praza está reformada e pode ser utilizada polos veciños, aínda que xa digo que hai aí actuacións ou elementos que poden ser discutibles. O que acontece é que estamos nun contexto económico que foi cambiando ao longo destes anos, neste momento os recursos son limitados e hai que aplicarlos alí onde son prioritarios. Entón, entenderán vostedes que antes de volver a actuar nunha zona que foi recentemente reformada pois hai moitas outras actuacións necesarias, incluídas as que se están facendo nesta zona como a rúa Santa Clara e outras que se acometerán no futuro e outras que se están acometendo no entorno e nese contexto é onde temos que situarnos, por iso irán facéndose actuacións e, no momento que haxa as condicións económicas e orzamentarias que permitan acometer algún arranxo na praza de A Castaña, pois estudarase.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Sr. Fernández, ten a palabra.

**O Sr. Fernández López:** Eu catro castaños non o considero un bosque, o que pasa é que a veces o bosque impídenos ver as árbores.

A única pregunta que lle quería facer, Sr. Bará, entón vostede recoñece que o deseño de a praza non foi o adecuado e no seu día botáronlle a culpa aos técnicos, eu creo que con pequenas intervencións, só enderezando a bancada para sentarse os veciños xa se gañaría bastante, pero eu pregunto por que lle mentiu aos veciños, por que foi alí a falar con eles e lle prometeu algo que non lle podía prometer, xa sei que os recursos son limitados, o seu concelleiro de Facenda transmite todo o contrario, sóbralle os cartos, non sabe onde investilos, é o concello mellor de España, creo que facer unha pequena reforma na praza de A Castaña. Eu paso por alí todos os días catro veces e é bastante triste ver aos rapaces xogar á pelota contra unha esquina, contra unha fachada de un edificio, tendo praza e praza para poder xogar, os únicos que utilizan o centro de a praza son os cans para defecar.

Sr. Louro, que unha moción sexa urxente non quere dicir que teña que intervir urxentemente no sitio, a proposta de acordo cita á maior brevidade posible, os que están xestionando son vostedes, vostedes determinarán cando é a maior brevidade.

Sígolles pedindo o voto favorable para unha moción que creo que estamos todos de acordo en que é necesario actuar na praza de A Castaña.

Moitas gracias e nada máis.

Incidencias.- Auséntase da sesión D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García.

Rematado o debate, somete a votación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, votando a favor 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 13 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 2 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a moción do grupo municipal do PP relativa á reforma da praza de A Castaña.

**C) MOCIÓN URXENTES.**

**D) CONTROL E SEGUIMIENTO DO GOBERNO LOCAL.**

**9.- INTERPELACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR Á ALCALDÍA, SOBRE OS CASOS DETECTADOS DE PRÓRROGAS DE CONTRATOS EFECTUADAS CONTRAVINDO OS INFORMES DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN.**

Incidencias.- Reincorpórase á sesión D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede a palabra ao portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

**O Sr. Moreira Ferro:** Moitas gracias, señor Alcalde. Moi bos días.

Señor Lores, en los últimos meses desde el grupo municipal del Partido Popular hemos hecho públicos varios casos de prórrogas de contratos efectuados de forma irregular; uno de ellos es la prórroga del contrato de mantenimiento de jardines a la empresa Elsamex, que ya nos contará usted, de paso, por qué si tenemos una brigada de jardines esta sólo se ocupa de, más o menos, el 20% de los jardines y potencia usted, en cambio, la privatización de este servicio. No pasa nada, sólo queremos que lo explique porque no se conjuga muy bien el discurso contra un sistema cruel y corrupto que usted predica por las tardes con lo que hace por las mañanas privatizando servicios. El contrato de servicio a la empresa Elsamex se firmó el 1 de febrero de 2006, con una duración de 4 años prorrogable hasta un máximo de 6 años, por lo tanto el contrato inicialmente venció el 1 de febrero de 2010 y, por tanto, se pudieron producir dos prórrogas más. En 2011 la jefa de contratación, cuando se produce la última prórroga legal, le advierte de que el 1 de febrero del año siguiente, del 2012, finalizará el contrato por lo que deberá cesar la empresa en dicha fecha. El 27 de enero de 2012 el concejal de hacienda, que entonces era también concejal de medio ambiente urbano, propone que continúe la empresa Elsamex un año más y el motivo que alega para esta prórroga es que se



estima que hasta el 1 de febrero de 2013, en teoría, no conseguirían licitar un nuevo contrato; se recaban informes de Secretaría y de Intervención, informes que son desfavorables porque dicen que las prórrogas legales se han agotado y que, de acuerdo con la ley, no cabe ninguna prórroga más. Lo que ocurre es que usted no respeta estos informes y decide levantar los reparos opuestos por intervención, hace suya la propuesta formulada por el concejal y así, el 30 de enero de 2012, la Junta de Gobierno es la que aprueba esta primera prórroga, cuanto menos, irregular. Pasa un año, a nueve días del vencimiento de esta prórroga el mismo concejal que antes citó solicita otra prórroga más utilizando la misma argumentación que utilizó un año antes, es decir, alegaba que no podría tener todo preparado para una nueva licitación hasta el 28 de febrero del 2014, por lo tanto es la misma excusa que dio el año anterior. Otra vez se solicitan informes, el Secretario municipal informa desfavorablemente, Intervención informa desfavorablemente, pero usted también desoye estos informes y decide continuar hasta que la Junta de Gobierno prorroga por segundo año consecutivo, de forma irregular, este contrato.

Este es uno de los casos, el de la empresa Elsamex. Otro de ellos es el de la empresa Servicioc, esta es una concesión que venció en julio del 2010 y que ha sido hasta cuatro veces prorrogada de forma irregular, la última el pasado mes de junio, en línea con el sospechoso estilo que caracteriza su política intelectual, señor Alcalde, otra vez a pesar de contar con informes en contra de Intervención y de Secretaría. Para más INRI las prórrogas se autorizaron a pesar de que la empresa llegó a estar debiendo, en aquel momento, más de 3 años de canon y actualmente, según la última información que se nos ha facilitado, debe al menos un año de canon. Pese a todo se le prorrogó también el contrato. La existencia de estas deudas fue advertida por Intervención en todas y cada una de las prórrogas que se fueron autorizando de forma irregular pero ustedes, una vez más, se saltaron esos informes y decidieron prorrogar.

Otro caso que hemos denunciado públicamente es el de dos contratos que se han venido realizando paralelamente a dos empresas que, curiosamente, pertenecen al mismo grupo empresarial. Son dos servicios paralelos que ahora quieren unificar a dos empresas distintas pero con el matiz de que las dos empresas, realmente, son del mismo propietario, de Ferrovial. Uno de ellos es el contrato de limpieza a la empresa Eurolimp que se firmó el 1 de junio de 2007 por dos años prorrogables por otros dos, su duración, por tanto, era hasta el 31 de mayo del 2011. En el 2011, en junio, se formula una propuesta de prórroga extraordinaria, Intervención informa desfavorablemente con reparo suspensivo pues dice, de acuerdo con el criterio que se siguió en los demás casos que he comentado, que no caben más prórrogas y de este asunto no sabemos nada más, entendemos que, aunque sea tácitamente, ustedes siguieron adelante con esta prórroga. En junio de 2012 se formula desde el Pazo otra propuesta de prórroga excepcional, así como el inicio del expediente de contratación del contrato administrativo unificando la prestación del servicio integral de mantenimiento y el de limpieza. Frente a esta última propuesta Intervención también informó desfavorablemente diciendo lo mismo, que no caben más prórrogas, pero la prórroga, señor Lores, fue aprobada haciendo caso omiso de ese informe. En definitiva, el contrato con esta empresa, con Eurolimp, lleva prorrogado desde el 31 de mayo del 2011 de forma irregular.

El otro contrato que queremos comentar es el paralelo de mantenimiento técnico de las instalaciones que ahora se dan cuenta ustedes de que se puede tramitar y contratar unificadamente con el de limpieza, pero entonces lo tramitaron de forma

separada, también nos explicará usted por qué.

Este contrato se adjudicó en mayo de 2007, a Ferrovia Services, tuvo dos prórrogas legales y en el 2011 ocurrió lo mismo, fue el mismo caso que el caso de la limpieza, se formuló una solicitud de prórroga, fue informada desfavorablemente, se aprobó igualmente y hubo otra vez otra solicitud de prórroga y también, a pesar de ser informada desfavorablemente, usted tiró para adelante.

Por lo tanto estamos también con casos de prórrogas irregulares, con dos contratos que ustedes ahora entienden que se podían tramitar conjuntamente, de forma unificada, pero entonces decidieron partirlos en dos, nos explicará usted por qué.

Si visitamos el perfil del contratante del organismo autónomo Pazo da Cultura no consta que se haya licitado este nuevo contrato unificado y ya ha vencido la nueva prórroga irregular y, como le he dicho, son dos empresas que pertenecen al mismo grupo.

En todos estos casos, señor Lores, el gobierno que usted preside aprobó la prórroga pese a tener en contra contundentes informes. En uno de ellos existían tres informes en contra, de Intervención, de Secretaría de la Junta de Gobierno y de Contratación. Por si fuera poco este que le habla solicitó específico al Secretario General del Pleno y vino a decir lo mismo. Se supera usted al prorrogar un contrato no con uno ni con dos sino hasta con cuatro informes en contra de funcionarios que le dicen que eso no se puede hacer. Públicamente, señor Lores, le hemos exigido explicaciones y nunca ha podido usted ofrecer una explicación mínimamente rigurosa; en un caso dijo que era para ahorrar dinero a los ciudadanos, pues volver a sacar el contrato a licitación sería más caro, es algo que nadie se cree, señor Lores, porque hoy en día las empresas ajustan mucho más los precios para competir y lo único que es hoy más caro que hace siete años es el coste, por ejemplo, del grupo de gobierno que usted dirige.

Pontevedra ya conoce lo poco que le gusta a usted la transparencia en la gestión pública, pero creo que estos hechos, señor Alcalde, se repiten ya con tanta frecuencia que merecen una mínima explicación, una explicación seria, rigurosa y coherente, por lo tanto, esperamos que hoy ofrezca aquí esta explicación, nada más y muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, señor Moreira.

Entendinlle moi ben, porque vostede en castelán exprésase moito mellor que en galego, non me dera conta, entendinlle moi ben todo o que dixo e, ademais, agradézolle moito que me pregunte, había tempo xa que non facía interpelacións e a min as interpelacións me estimular e, ademais, me dan a ocasión de profundizar en certos temas que, agora no principio do curso que, en fin, sempre coincide o curso escolar e o curso político, nos permitirá tamén facer algunhas opinións acerca do Partido Popular e do seu portavoz en Pontevedra.

Quero dicirlle que ao inicio deste mes de setembro o señor Moreira anunciou a bombo e platillo que ía a dar leña, que ía a zorregar a diestro e siniestro e que non ía deixar títere con cabeza, centrando ademais que ía intensificar os paus, entre comiñas, sobre o alcalde, ou sexa, sobre a miña persoa. Eu creo que é un erro iso, por moitos motivos pero sobre todo por dous motivos en especial, en primeiro lugar porque unha forza política que aspire a ser alternativa non se adica a dar paus e, moito menos, o anuncia. Eu creo que hai que ofrecer solucións realistas e críticas fundadas ou fundamentadas e dar paus por dalos, ou dar paus de cego, pois non leva a ningunha parte e, probablemente, se vire na súa contra.





Por outro lado, se centra todo na figura do Alcalde e se o fai así está transmitindo que puidera o Alcalde ser un superman que controla e xestiona todo, e non é o caso, como vostede ben sabe, pero teño que agradecerlle de todas maneiras o seu intento. Tamén anunciou por ónde ían ir eses paus, nesa comparecencia previa ao curso político, basicamente o anuncio consistía en que vai a haber continuísmo absoluto do que viñan facendo vostedes ata agora, a mesma letanía, as mesmas obsesións, unha especie de, como recollía algún medio de comunicación, de repetición de curso.

A primeira obsesión que transmite vostede con esas declaracións é contra o modelo de cidade que estamos levando adiante en Pontevedra; hoxe volvérono facer aquí neste Pleno, modelo recoñecido, premiado e valorado polos veciños, polos veciños, mentres numerosos concellos, poderíalle falar de moitos pero o último, Vilagarcía, tratan de copiar o modelo, a verdade é que fan un intento, as veces mal, pero cando algúns concellos ou moitos tratan de copiar o modelo o Partido Popular de Pontevedra pretende que nós nos sometamos ao modelo da Xunta tragando coas súas determinacións para o novo plan xeral de ordenación municipal.

Non sei si sabe vostede, senón dígollo eu, cal foi a resposta da Consellería ou mellor dito do Conselleiro de Política Territorial á solicitude veciñal reiterada e canalizada polo concello dos pasos sobreelevados en Rosalía de Castro dende o inicio, dende a rotonda con Manuel del Palacio hasta a Casa do Mar, eu quero recordarlle que aí está a Casa do Mar, está un colexio concertado e tamén hai un centro privado da terceira idade, pois dixéronos expresamente que non, que están en contra desa solución, nós trasladámoslle ao Conselleiro e a Consellería a petición reiterada dos veciños. Vostede quere que deixemos en mans da Xunta o modelo de cidade e mobilidade de Pontevedra, cousa que, obviamente, non imos a facer nin estamos de acordo. O que están facendo é dando a lata co plan xeral de ordenación municipal, tentando volver atrás o modelo de cidade e Pontevedra e eu quero dicir aquí que os cidadáns poden estar tranquilos pois nós seguiremos avanzando no modelo absolutamente contrario, volvo a repetir, ás preferencias e determinacións da Xunta de Galicia.

A segunda obsesión que teñen refírese á xestión económica do Concello, tamén se traduciu hoxe neste Pleno, este Pleno foi exemplificador neste sentido. Non poden soportar que sexamos dos concellos mellor xestionados e máis saneados e anuncia que van dar, tamén, paus contra esa xestión, denunciando supostas irregularidades, neste caso as prórrogas de contratos.

Teñen tamén outras liñas de traballo, máis liñas de traballo que non fan públicas, eu creo que porque non lle interesa, e creo que son relativas ao seu seguidismo absoluto do que manda o Partido Popular en Madrid ou en Santiago, entre elas a máis destacada, que tamén se vai producir neste Pleno de hoxe, é traballar a reo para que Ence e Elnosa se perpetúen en Lourizán.

Falando da interpelación concreta, interpélame vostede sobre as prórrogas dos contratos, eu voulle ubicar o problema que vostede me plantea e voulle ubicar con amplitude de miras. Mire vostede, a Deputación ten feito ultimamente, recentemente, dúas modificacións de crédito abertamente “irregulares”, entre comiñas, contrarias á normativa fixada pola lei de Estabilidade orzamentaria, adicou máis de 24 millóns de euros a servizos e obras na provincia dun xeito moito máis irregular que a compensación da paga extra aos funcionarios ou as prórrogas dos contratos que vostede pretende converter en cabalo de batalla, pois fíxese vostede,

na Deputación o BNG votou a favor desas modificacións de crédito, rompendo, tamén é certo, unha norma de moitos anos, e votamos a favor porque é moito máis importante, ao noso entender o fin, ou sexa, os servizos aos veciños, que as supostas irregularidades determinadas por unha normativa irracional e perversa, o de corrupta deixámolo para outro día. Eu felicito á Deputación e a todos os deputados que apoiaron a medida por ter dado este paso e por poñer os intereses dos veciños e veciñas por enriba das perversas normativas de Madrid e de Bruselas. Como o Partido Popular de Pontevedra tería que felicitar ao Concello por ter xestionado as prórrogas dos contratos de tal xeito que cando se prevé que sacar un novo concurso vai abaratar o servizo, situación que rara vez se da, todo hai que dicilo, pois apuramos a sacar un novo contrato e, pola contra, cando se prevé que sacar un novo concurso vai encarecer o servizo, que é o que sucede case sempre, e a empresa acepta a prórroga pois prorrogamos todo o tempo que poidamos, e así o fixemos e así o faremos mentres se poida bordear a normativa. E fixémoslo en moitos casos, entre os que cito o guindastre, que estivo nada máis e nada menos que 5 anos prorrogado “irregularmente”, entre comiñas, os xardíns, tamén, co que levamos aforrado anualmente da orde de 300.000 euros que é o que se incrementaría o contrato segundo os informes técnicos, dos técnicos do concello, e que o temos tamén prorrogado; mantemento e limpeza do Pazo, que vostede falou del agora, andamos a falar entre 40.000 e 60.000 euros de aforro; o mobiliario urbano, que tamén está prorrogado, varios anos, o mantemento do mobiliario urbano; as piscinas de Campolongo; o servizo de recollida, tratamento e limpeza viaria, ou sexa, o lixo, así xa falamos de máis millóns, ao redor de 3 millóns anuais; o mantemento das cámaras de tráfico e da rede semaforica, e aínda hoxe, para a súa información, prorrogamos todos os seguros do Concello, creo que son 4 pólizas distintas, cun aforro de case 80.000 euros anuais.

Como ve nós non ocultamos nada diso, é máis, dicimos máis casos publicamente dos que vostede cita nesta interpelación. Resulta moi sorprendente que non citase algúns moi evidentes como é o caso, por exemplo, da grúa que vostede coñece moi ben, ou do guindastre que é máis correcto dicir, que prorrogamos durante 5 anos e cando non se puido prorrogar xa máis o novo concurso supuxo unha suba de arredor do 30%; é un curioso lapsus o seu, pero si lle preocupa o de Elsamex, tendo que escoitar este Concello, este Alcalde e goberno municipal barbaridades como a do orixe do capital de Elsamex, resulta ademais sorprendente iso cando a Elsamex traballa para a Deputación Provincial, traballa para o Ministerio de Fomento encargado do mantemento das estradas de Ourense e de A Coruña ou de Pontevedra, non sei, e é curioso, preocúpalle a procedencia do capital cando se trata dun servizo que está exercendo no Concello de Pontevedra. Non hai quen o entenda a vostede, señor Moreira.

Fixemos moitas prórrogas, moitas máis das que vostede me pregunta aquí no Pleno, e fixémoslas para aforrar cartos aos veciños. Ímoslle botar un cálculo nos últimos tres anos de arredor dos 12 millóns de euros que temos aforrado por prorrogar algúns contratos nos últimos tempos, aforramos, vólvolle a repetir, arredor de 12 millóns de euros. Voulle dicir outra cousa, para que lle quede claro, porque igual pensa que escaqueamos a resposta ou que temos algo que ocultar, como dixeran antes as prórrogas dos contratos, que tan mal lle parecen ao Partido Popular que fagamos, lévanlle aforrado máis ou menos, eu creo que máis, 12 millóns aos veciños, cartos aforrados que se adican a obras e a servizos. Ao Partido Popular e ao señor Moreira parécelle mal, parécelle moi mal que este goberno aforrara ese 12 millóns aos veciños porque lle preocupa máis ao señor Moreira o cumprimento ao pé da letra dunha normativa irracional e perversa, un disparate, entendo eu, do mesmo calibre



que demandar na Deputación que se lle entreguen 24 millóns aos bancos en vez de adicalos as necesidades dos cidadáns da provincia de Pontevedra.

Sabe o que lle digo?, para min é un orgullo e unha satisfacción tanto terlle aboado a paga substitutiva da extra aos funcionarios como terlle aforrado 6 millóns aos veciños usando a figura da prórroga do contrato, e así imos a seguir, procurando adoptar as medidas que beneficien aos cidadáns e se a súa preocupación e tentar que os servizos saian máis caros xa lle adianto que vamos a intentar bordear ou cando de poida saltar as normas irracionais e perversas ditadas por Madrid e por Bruselas que tanto prexudican aos cidadáns e ao concello á hora de prestar servizos.

Aí ten vostede a resposta a interpelación que me facía. Moitas grazas.

**O Sr. Moreira Ferro:** Gracias, señor Alcalde.

Ya que me entiende mejor en castellano seguiremos en castellano.

Me alegra muchísimo que siga con tanto interés mis intervenciones y mis ruedas de prensa, la verdad es que para mí es un orgullo, me gustaría ser cortés y poder corresponderle pero la verdad es que no tengo tiempo para seguir todas sus ruedas de propaganda.

Señor Alcalde, el modelo, que usted algún día me definirá cual es el modelo, no es el mejor valorado por los vecinos de Pontevedra, desde luego las urnas no reflejan eso y, desde luego, si el modelo que usted quiere para Pontevedra es incumplir la ley creo que a nadie le va a gustar ese modelo, si no sométalo usted a una consulta ciudadana a ver quien apoya este tipo de modelo.

Desde luego que si yo inicié este curso político, que para mí no es inicio de curso político porque para mí los cursos políticos duran 4 años, para ustedes igual no pero para mí duran 4 años, desgraciadamente tuve que iniciar el curso político, como se dice, repitiendo casi todas las peticiones que formulé hace un año y esto es triste porque denota que usted no cumplió nada de lo que se le pidió a lo largo de un año.

Este Pleno es testigo de muchísimos puntos en los que la oposición dio su apoyo al gobierno, muchísimas propuestas, hoy es un ejemplo claro de ello, si usted analiza el orden del día, si lo tiene delante, podrá ver que en los temas primordiales, creo que en todos, hemos votado a favor, incluso en la modificación de crédito y en más asuntos que hemos presentado hoy aquí, me gustaría que eso fuera también la revés, lo que dijo el señor Louro hoy, que se planteaba si la moción de la plaza de la Castaña es urgente, pues dígame usted a los vecinos si es urgente, dígaselo usted porque ellos llevan 14 años esperando y por esta reforma, desde que se hizo en el 2008 o 2009 llevan esperando que se deshaga lo mal hecho.

Señor Lores, si su modelo es incumplir la ley no cuente con nosotros, téngalo claro. Su política contractual, le guste o no le guste, y esto es un dato objetivo, es opaca, poco transparente, usted se salta los informes de Intervención y Secretaría y esto es así, porque se los salta. En algún caso su gestión, señor Lores, o la de su grupo de gobierno ha sido tildada de chapucera, y eso no lo ha dicho el Partido Popular, como usted bien sabe, y su respuesta una vez más no contesta a lo que le hemos preguntado. Yo le pedí una respuesta coherente y fundada, usted me ha dicho aquí que es que ahorramos dinero, luego me explicará en que se basa, que estudios tiene usted, pero no me vale como estudio una servilleta hecha en un furancho, me imagino que usted habrá consultado con las empresas y esos estudios sólo se conocen si se hace una licitación y se ven los precios que ofertan las empresas, lo

que pasa es que usted no quiere dar ese paso porque no le gusta la concurrencia pública. Este trato especial que usted mantiene con ciertas empresas pues lo mantiene con empresas de notable envergadura, Elsamex, sí señor, Elsamex no es una empresa de aquí es una empresa que, le guste o no le guste, pertenece a una corporación financiera Indú, y yo al único político que veo por las mañanas prorrogando un contrato a una multinacional de este tipo y por la tarde haciendo discursos antisistema es a usted, yo no veo al Presidente de la Diputación haciendo eso, es una persona coherente el Presidente de la Diputación, usted no lo es, porque el mismo sistema contra el que usted clama es un sistema que está siendo retroalimentado por usted, entonces aclárese un poco.

Ferrovial no es una pyme de aquí, precisamente, y Servicio mucho menos. Ninguna de las tres empresas que he citado yo aquí son empresas de Pontevedra, por darle un dato.

Usted no ha entendido la interpelación, el Partido Popular no está en contra de las prórrogas de los contratos, está a favor siempre y cuando sean legales, lo que le estamos recriminando y por lo que le estamos pidiendo explicaciones es por las prórrogas irregulares que no se ajustan a la ley. Usted mencionó aquí la prórroga del contrato de recogida de basuras, ningún problema, esa prórroga es legal, no tuvo ningún informe en contra, las que yo le he citado aquí son ilegales. Usted mezcla churras con merinas, hay que diferenciar, de las prórrogas hay políticos que hacen prórrogas irregulares y otras irregulares y usted se encuentra en el segundo grupo, señor Lores, ya sé que hay muchas más prórrogas, desde luego que lo sabemos, tenemos más información, la poca que podemos saber pero tenemos más información y yo no le estoy recriminando las prórrogas acordes a la ley que tienen informe favorable sino todo lo contrario, las que tienen informes desfavorables y de esas usted no ha dado ninguna explicación coherente. Cuando denunciemos esto lo que hace usted es esconderse, no dice nada, ¿qué va a decir?, si lo estamos viendo todos, si la gente habla, señor Lores, a lo sumo contesta que nos sale más barato, eso nadie se lo cree, usted convoca hoy un concurso de cualquier tipo de servicio y la avalancha de empresas que se presenta ajustando precios eso baja el precio forzosamente. Dígame usted que estudios tiene para fundamentar eso, usted me ha hablado hoy aquí de que ha ahorrado 12 millones, explíquemelo, dígame con números, de dónde ha sacado los datos, por qué llega a esa conclusión, ¿por qué se lo ha dicho ahí el amigo?, ¿y usted se lo cree?, me imagino que usted le pedirá a sus concejales un mínimo de rigor, una propuesta fundamentada, a mí no me vale eso de que nos sale más barato, eso se lo cree usted, solamente usted, señor Lores, hoy nada es más barato salvo el coste de su gobierno, nada es más barato.

Por otra parte, si analiza usted los datos de los precios que estamos pagando en esas prórrogas irregulares, y desmiéntamelo usted si es capaz, estamos pagando más que el año anterior, porque ustedes quieren o no actualizan los precios, cuando prorrogan a Elsamex actualizan los precios, por tanto, de más barato nada, por tanto dígame usted de dónde saca que estamos ahorrando dinero, no lo entiendo, estamos pagando más cada año.

Yo estoy sorprendido de que tengamos que felicitar por incumplir la ley, es algo inaudito, usted está orgulloso de incumplir la ley, ¡vaya alcalde! Usted se niega a abrir la libre concurrencia a ciertos contratos, entre otros a ciertos contratos, tendrá que explicarnos por qué, porque hasta ahora no lo ha hecho. Niega a los pontevedreses el derecho a saber que se hace con su dinero, oculta deliberadamente información a los ciudadanos, ya hemos hablado aquí en alguna ocasión, en una interpelación que yo le ha formulado, del tema del perfil del



contratante, hoy le puedo enseñar otro caso, el caso del Pazo de la Cultura, si usted abre el perfil del contratante en el Pazo el espacio está en blanco, en blanco, si nos fiamos de la información que usted facilita el Pazo de la Cultura nunca ha adjudicado ningún contrato, esa es la transparencia, transparencia porque no hay nada, se transparenta, se ve el fondo blanco de la pantalla. No sale ninguna de las licitaciones, no sale ninguna de las prórrogas que he comentado yo aquí y que hemos conseguido a través de localizar los informes, pero es que esa información tenía que darla usted libremente, ser transparente y que los ciudadanos pudieran conocerla. A mí no me sorprende porque fue usted interpelado por la falta de transparencia y en su intervención habló de todo menos de lo que se le preguntaba, igual que hoy aquí, otra vez huyendo, usted siempre huyendo de los problemas, señor Lores. ¿Se da cuenta usted de que nunca está cuando se le necesita?, mire, en el conflicto de los crematorios ausente por completo, no dio la cara, usted cuando huele un problema se echa para atrás, no hay alcalde; en la relación de los comuneros de Salcedo con la Brilat, con el Ministerio de Defensa, nada, se escondió, hasta se aprobó una moción en este Pleno en la que se ordenaba que interviniese y que mediase entre las partes, lo incumple y le da igual. Se escapó usted a Alemania precisamente los días más trascendentes de la negociación con la Brilat, cuando estuvo a punto de irse todo al traste, señor Lores, usted se fue, podía haber enviado a otra persona pero no, aprovechó para irse usted, porque era más importante pedir la peatonalización de una ciudad alemana que velar porque la Brilat siguiera en Pontevedra. Hoy lo hemos visto aquí, señor Lores, unos vecinos, que no le bailan el agua, son castigados a estar más de 14 años sin ser recibidos por usted, porque no le aplauden y a usted no le gusta la discrepancia.

También en la moción se vio sorprendentemente, yo me quedé con la boca abierta, el grupo municipal del BNG no iba a intervenir en la moción de la plaza de la Castaña, el tema tiene su intrínquilis, o sea que los que hicieron ese desaguisado en esa plaza que llevan los vecinos reclamando que se subsane y no dan la cara aquí, tuvo que intervenir porque mi compañero lo mencionó otra vez y, por alusiones, tuvo que intervenir, es el colmo.

Personas dependientes a los que una empresa privada contratada por usted, señor Lores, cobró servicios que no se prestaron, fíjese bien en lo que le digo, dependientes, que no se pueden valer por sí mismos, esa empresa le cobró servicios que no le prestaron, ¿dónde estaba usted?, ¿usted que dijo?, yo no le he visto usted preocupado por estas personas ni pidiéndole a la empresa que devuelva el dinero a estas personas, usted se esconde. Unos padres protestan porque no pueden acceder en vehículo, como hacían, al colegio en la zona monumental y usted tampoco da la cara, manda a otro. Ya el colmo, el otro día escucho en la radio a un ciudadano que le comenta un problema que tiene con el servicio de recogida de basuras y la respuesta suya es: "bueno, chamarei agora a ver que pasa aí?". Pero cómo puede un Alcalde contestar eso? Usted es el responsable del servicio, el responsable ante el ciudadano no es la empresa es usted, y no es de recibo que un ciudadano cuando llama al Concello comentando un problema de basura se le diga: "llame a este teléfono: Cespa", no, eso no es así, usted tiene que responder ante el ciudadano y le tendrá que apretar las clavijas a la empresa, que para eso le está pagando y le está pagando bastante, como usted sabe. Me imagino que estarán ya preparando el nuevo contrato porque el año que viene vence la prórroga, ya se lo aviso para que luego no diga que no le dio tiempo.

Señor Lores, lo que está claro es que a usted no le gustan ni los políticos de la

oposición discrepantes ni los ciudadanos discrepantes, buen talante, sí señor, usted solo se asoma, hay una excepción, cuando hay posibilidad de manipular un conflicto y a unos afectados para atacar a otra administración, si es posible que sea gobernada por el PP, ahí sí que interviene, lo hemos visto con los afectados por las preferentes a los que a día de hoy usted sigue sin haber aportado ninguna solución más que redactar unilateralmente una pancarta y hacer ruido, aprovechándose de la desgracia de estas personas, nada más, solución ninguna. Yo me pregunto: ¿para qué tenemos un Alcalde si cuando los ciudadanos tienen problemas nunca está?, hoy una vez más aquí se esconde y empieza a hablar de la Diputación, de la oposición, yo le invito, si quiere a que en el próximo Pleno pactemos en Junta de Portavoces y pone un punto que sea “interpelación al líder de la oposición”, ningún problema, pero hoy el interpelado es usted, que es el que está gobernando. Usted se esconde y ni siquiera explica de una forma coherente, dice que nos sale más barato y que nos ahorramos 12 millones, pudo haber dicho 30 millones, a lo mejor nos lo tendríamos que creer, pero fundamentos para llegar a esa conclusión usted no ofrece, señor Lores, a parte es que eso nadie se lo cree. ¿Con que cara le dice usted a los ciudadanos que cumplan con las ordenanzas, con las licencias, con los plazos de pago, con las normas de circulación si usted les está dando el ejemplo de que las normas están para saltárselas?, es difícil hacer pedagogía así con la ciudadanía, ¿usted ha pensado en la responsabilidad que tiene y como la está ejecutando?, debería analizarlo, señor Lores. Después imparte doctrina: “estamos nun sistema cruel e corrupto, loitemos contra o sistema”, carallo!, pois ben que vai co sistema con prórrogas como esta.

Señor Alcalde, yo lo que le ruego es que pare ya esa política de incumplir las normas y de desoír los informes de los funcionarios muy cualificados que le advierten de esos incumplimientos, también se los digo por respeto a su trabajo, porque con esas actitudes usted, en el fondo, los está despreciando, y esos informes son redactados por gente muy competente que les está advirtiéndole de que es lo que dice la ley, y están para eso, para advertirle y que usted no cometa tropelías, como está cometiendo. Por tanto, le pido respeto a la ciudadanía, respeto a los funcionarios y respétese a sí mismo, señor Alcalde.

Nada más y muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moreira.

Non creo que houbera moita novidade na súa segunda intervención, en todo caso eu estou plenamente convencido de que non vai a convencer a ninguén porque estamos a falar dun tema de credibilidade, se lle digo a vostede que efectivamente hai informes nos que se di que, segundo a lexislación vixente, hai que sacar o contrato e se hai outros informes, dos técnicos municipais, que botadas contas nos din que sacala a contrato significa un incremento substancial do custo, ben, iso é así e se vostede non o cre é problema seu. Estamos a falar de credibilidade, e creo que aí por goleada, este grupo de goberno ou este goberno municipal gánalle a vostedes por goleada.

En todo caso, dicir que vostede na intervención reafirmase en dúas cuestións fundamentais, unha que é opoñerse, xa directamente, ademais o di directamente ao modelo de cidade, que non é ningunha novidade porque é absolutamente coñecido xa polos pontevedreses e non é o seu caso, é o caso do Partido Popular que ademais foi o que mantivo aquel famoso recurso contra a peatonalización de 1999 ata que perdeu no xulgado; e logo, outra, empeñarse en que o Concello de Pontevedra deixe de xestionar en beneficio dos cidadáns; e a terceira cuestión, é



que vostede sempre está, e ademais hai que seguir nada máis que as declaracións de prensa e os seus posicionamentos, curiosamente sempre está xustificando ou a favor das propostas que afectan negativamente á nosa cidade, veñan de onde veñan, veñan do Ministerio de Defensa, veñan da Consellería de Política Territorial, veñan do goberno do Estado cando aplica recortes ou da Xunta, etc., sempre posicionado en favor do Partido Popular e das súas políticas antipopulares, obviamente, e nunca defendendo os intereses de Pontevedra, polo menos algunha vez eu creo que debería intentalo.

E logo, eu quero reiterar a miña posición absolutamente contraria a pasar polo aro de decisións política e económicas e de lexislacións políticas e económicas que van en contra dos cidadáns de Pontevedra e de Galicia e, nese sentido, me declaro, e o digo publicamente para que lle quede claro, absolutamente insumiso ás políticas económicas que van en contra dos cidadáns, dos veciños e da maioría social en xeral, non única e exclusivamente a favor do gran capital financeiro internacional que vostede parece querer defender.

Polo tanto, cando as decisións consideramos que son inxustas, que son non beneficiosas para os cidadáns de Pontevedra eu, con toda a tranquilidade do mundo, con toda a coherencia do mundo, vou a seguir mantendo posicións que obviamente, bordean, incluso algunhas veces saltas algunha legalidade vixente que cremos que é absolutamente malo e negativo para nós.

Eu recomendaríalle, efectivamente, que cambie de posición e que se poña ao lado dos cidadáns de Pontevedra algunha vez, algunha vez, porque só falta que apareza calquera nota de prensa, calquera noticia, calquera cuestión que vostede vai e repite, como o difunto do loro Ravachol, todo o que lle mandan na consellería, no ministerio ou que manda o Partido Popular. Eu creo que os responsables políticos, sobre todo a nivel municipal, temos un deber principal que é defender os intereses dos cidadáns e moito mellor lle iría facendo así. Polo tanto, non vai a convencer a ninguén porque este é un Concello saneado, con dificultades porque a situación económica non dá para outra cousa, no que priorizamos as inversións o máis posible, obviamente tivemos, ao largo deste pleno se dixo xa, tivemos que cambiar cousas porque a situación cada vez é peor e aí vamos a seguir estando e alá vostede, eu creo que está equivocado, recomendaríalle que cambiara pero o que non vai facer vostede e cambiar a nosa posición que cremos que é a correcta e xa referido ao modelo, vostede dirá, creo que se non se entera de que está asumido maioritariamente pola poboación eu creo que non se entera de nada.

Moitas grazas.

**O Sr. Moreira Ferro:** Grazas, Sr. Alcalde.

Mire, vostede declárase insumiso co sistema pero é o mesmo sistema que lle permite a vostede ser Alcalde pero para iso non é insumiso.

Vostede ten que ter credibilidade e a credibilidade, Sr. Lores, hai que gañala e dende logo non gaña credibilidade se nos ven aquí por exemplo, por poñer un exemplo, con unha liquidación de orzamento, dicindo que tiveron superávit e logo manda outra o ministerio e resulta que tivemos déficit, iso non é credibilidade, iso cando menos sementa moitísima inseguridade.

Vostede fala de que fai prórrogas en beneficio dos cidadáns, dos cidadáns non e Sr. Lores, será en beneficio dunhas cantas empresas, por certo ningunha delas de Pontevedra todo hai que dicilo, dende logo vostede cos cidadáns non está,

comenteille aquí varios casos e no conflito cos crematorios non o vin eu estar cos cidadáns, no problema que hai en Pontevedra polo tema da Brilat non o vin estar con Pontevedra pese ao moito que se xoga Pontevedra neste asunto e pese a ter o mandato do pleno ao que tamén se fixo insumiso, vostede discrimina para algúns dos mandatos do pleno insumiso e para o que o nomea como Alcalde non é insumiso. O caso que comentei aquí dos veciños de Santa Clara da asociación Río Lérez, vostedes non estivo con eles, leva catorce anos sen estar con eles creo que xa vai sendo hora. No caso, que tamén comentei, dos pais que teñen un problema co tema de chegar ao colexio, tampouco estivo con eles, non o vin. A vostede non lle gusta a discrepancia, nos problemas gordos resulta que quen está cos cidadáns si que é a oposición e vostede non aparece, entón Sr. Lores se quere algún día ter maioría absoluta tera que traballar moito máis porque nos anos que leva aquí, e xa son bastantes e xa vai tendo vostede unha idade, non conseguiu nunca a maioría absoluta, polo tanto se quere mellorar os resultados ten que estar cos cidadáns e non esta estando cos cidadáns, iso se comenta pola rúa, hai moito cansancio, moitas actitudes despóticas de vostede.

Nada máis e moitas grazas.

#### **10.- DACIÓN DE CONTA E DEBATE, NO SEU CASO, DO INFORME REMITIDO POLA PRESIDENCIA DA SOCIEDADE MERCANTIL "TURISMO DE PONTEVEDRA, SA", SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DAS OBRIGAS MUNICIPAIS, SEGUNDO ESTABLECE O ART. 4º.3 DA LEI 15/2010.**

O Pleno do Concello toma coñecemento do informe remitido pola Presidencia da Sociedade Mercantil "Turismo de Pontevedra, SA", sobre o cumprimento do prazo de pago das obrigas municipais, segundo establece o art. 4º.3 da lei 15/2010, referido ao segundo trimestre do ano 2013.

#### **11.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante os meses de xullo e agosto de 2013, así como das resolucións ditadas polos órganos directivos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2013.

#### **12.- PREGUNTAS.**

**PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, Dª ROSA ENCARNACIÓN PICALLO QUIVEO, EN RELACIÓN CO INCIDENTE PRODUCIDO NO COMPLEXO INDUSTRIAL ENCE-ELNOSA NO PASADO MES DE AGOSTO.**

**A Sra. Picallo Quiveo:** Muchas gracias Sr. Alcalde, buenos días a todos.

El pasado mes de agosto se produjo una incidencia en la fábrica de ENCE en Lourizán, en la que ustedes dieron cuenta con una alarma social a los ciudadanos de Pontevedra, por esto queremos saber si fue de tanta gravedad, dígame usted ¿qué datos tiene sobre esto?, si se ha abierto algún expediente sobre esto, ¿qué información maneja?

Mire usted, los ciudadanos de Pontevedra se merecen explicaciones, por ello ruego,





también, que se abstenga de mandar mensajes tan desafortunados a los trabajadores de la empresa.

Muchas gracias

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Quiveo, pero a este asunto vaille contestar a Sra. Da Silva que era a responsable naquel momento; naquel momento e sempre.

Seguidamente concede a palabra a dona María Carme Da Silva Méndez, concelleira do grupo municipal do BNG e delegada de protección cidadá.

**Sra. Da Silva Méndez:** Moitas grazas, Sr. Alcalde.

Como é ben sabido pola cidadanía en xeral e por todos os membros deste pleno municipal, no mes de agosto producíronse unha serie de incidentes na factoría de ENCE en Lourizán, en concreto detectados polos servizos de emerxencia municipal, producíronse dous aínda que algunhas fontes de información, a través dos medios de comunicación citan algún máis. Os que detectou o servizo de emerxencias municipais producíronse o once de agosto e o dezasete de agosto e foi porque a través dos servizos de emerxencia municipal, como do 112, persoas de distintas zonas da cidade alertaban aos servizos municipais de que se estaban producindo fenómenos olorosos, que estaba chegando a Pontevedra unha nube e que algúns deles incluso comunicaron que tiñan problemas que lle estaba afectando con problemas respiratorios, irritación ocular, etc.

Nos incidentes do once de agosto, despois de estar os servizos de emerxencia municipais en distintos puntos da cidade intentando detectar un suposto escape de gas non existente, porque polas chamadas que facían os veciños se facía sospeitar diso e dada a inexistencia nos puxemos en contacto con ENCE que recoñeceu que tivera un problema, pero recoñeceu unha vez que despois de durante todo o día non facelo, en ningún momento ENCE se molestou en comunicarlle ao Concello de Pontevedra que tivera un problema e recoñeceu publicamente despois de que o Concello informase publicamente de que eses problemas detectados en distintos puntos da cidade e do Concello foran como consecuencia de un problema na caldeira de ENCE, na caldeira de recuperación, supoñemos que foi na caldeira de recuperación porque foi a información que deu ENCE.

Só con posterioridade a empresa recoñeceu que tivera problema, senón nin llo comunicaría ao Concello nin o faría público. Con posterioridade, como dicía, o dezasete de agosto detéctase, sobre as trece horas, outra nube que se traslada hacia Pontevedra que tamén fai que distintas persoas de distintos puntos do Concello alerten aos servizos de emerxencia e algúns volven a comunicar problemas irritativos, oculares, etc., ante iso e a repetición dos feitos o Concelloponse inmediatamente en comunicación coa empresa para dúas cuestións, por un lado para saber se efectivamente esas chamadas son, unha vez máis, motivadas porque a empresa está tendo algún problema, problema que a empresa recoñece nas chamadas que se lle fan por parte do servizo de Bombeiros e tamén con posterioridade se dirixe á Policía Local a empresa para dúas cuestións, poñer os servizos municipal do Concello a disposición no caso de que sexa necesaria a súa intervención e comunicarlle tamén á empresa que se continúan exercendo a actividade detectándose reiterados problemas pois que é baixo a súa estrita responsabilidade, cousa que é a nosa obriga.

En ningún momento a empresa comunicou no momento en que se producen eses incidentes aos servizos de emerxencia municipal nada, só por demanda dos servizos de emerxencia municipal se nos comunica que si teñen un problema, cousa que é absolutamente de unha falta de respecto total, porque non é necesario ter que mobilizar recursos de emerxencia do Concello sabendo como sabe a empresa que o problema o está xerando ela e non o comunica e, con posterioridade, como dicía no seguinte incidente detectado, tampouco comunicaron nada aínda que si cando foron requiridos polos servizos municipais tanto telefonicamente como alí, recoñecen que ten un problema que non nos din de que natureza, que teñen un problema eléctrico nunha caldeira, de forma titubeante.

En conclusión, o Concello actúa correctamente e contundentemente, non pode ser que unha empresa, un complexo industrial como ENCE-ELNOSA, coa ubicación que ten, se produzan problemas no seu funcionamento que poden afectar á poboación e non sexan comunicados inmediatamente por parte da empresa aos servizos de emerxencia, independentemente de que sexa preciso ou non o plan de emerxencia exterior, porque como dicía mobilizáronse recursos públicos que non sería necesario facer e simplemente con informar aos cidadáns de que era iso que non había, en principio, perigo, segundo comunicaba a empresa, pero non optaron por ocultar a información deliberadamente.

A Xunta, que durante a semana que vai do 11 ao 17 dixo primeiramente, a través do delegado, que ían ir os técnicos da Xunta á factoría, despois dixeron que non, o mesmo día en que Cores Tourís dixo que ían ir, unha nota de prensa emitida pola Xunta de Galiza, dixo que non ían ir, co cal non quedaba moi claro se ían ou non ían, aclarouse posteriormente no Parlamento galego cando recoñeceron que non foron técnicos da Xunta a facer ningún tipo de inspección despois dos incidentes do día 11 de agosto recoñecidos pola propia empresa e simplemente dixeron que como xa tiñan a información dos técnicos de ENCE, que con iso era suficiente e que non ía dar lugar a ningún tipo de expediente porque a empresa di que non hai perigo.

Polo tanto, o Concello actuou e seguirá actuando coa contundencia necesaria e, dende logo, seguirá facendo público calquera incidente que haxa na factoría do que teñamos coñecemento porque é a nosa responsabilidade e os servizos de emerxencia actuarán sempre cumprindo coas súas obrigas. A Xunta sen embargo, que ten competencias para intervir directamente, non fixo nada senón máis ben crer o informe de parte que emite a empresa e nin sequera molestarse en facer unha investigación dos feitos ocorridos durante toda esa semana, ou polo menos de aqueles que foron detectados.

O portavoz do Partido Popular no Concello de Pontevedra, que inicialmente parecía, parecía pero debeu ser unha mera ilusión, que recoñecía que a empresa non actuaba correctamente, inmediatamente xa cambia o seu discurso e actúa como non portavoz dos veciños de Pontevedra, como hai un momento quere que o consideren, senón como mandado do gabinete de comunicación de ENCE, trasladando directamente a información que a empresa quere que se dea, non pasa nada, este é un incidente sen importancia, e no Concello exaxeramos e alarmamos. A Alarma na poboación prodúcea a falta de descoñecemento, por parte da empresa, do que estaba pasando, a falta de intervención por parte da Xunta de Galiza que é quen ten as competencias para investigar que pasou exactamente aí, e moitísima máis alarma na poboación pero esa alarma xa ten un carácter absolutamente extraordinario e as medidas legislativas que por parte do Partido Popular coa connivencia do grupo municipal do Partido Popular de Pontevedra e coa connivencia do goberno de a Xunta se están adoptando para intentar perpetuar ENCE na ría de Pontevedra, e



tamén lle digo, este grupo tamén vai ser insubmiso a esa lexislación e actuaremos e seguiremos actuando con toda a contundencia necesaria para que non se perpetre esa pretensión de perpetuar ENCE na rúa de Pontevedra, como acaba de dicir o Conselleiro de Medio Ambiente recentemente, que a lexislación abre a man, abre a vía. A Xunta ten competencias se quere exercelas para que ENCE non teña que continuar aí, pero temos neste momento a clareza que nos proporciona as declaracións, tanto dos responsables da Consellería de Medio Ambiente, como do Conselleiro, como de outros membros do goberno do Estado, de que a pretensión é que ENCE permaneza aí, aí sempre van ter diante a sociedade de Pontevedra e, dende logo, a este goberno municipal e a este grupo municipal.

### 13- ROGOS.

**ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D<sup>a</sup> ELOISA MARÍA NOGUEIRA GARRIDO, SOBRE ACTUACIÓNS A REALIZAR NO RURAL.**

**A Sra. Nogueira Garrido:** Gracias Sr. Presidente e bos días a todos.

Dende o grupo municipal do Partido Popular rogámoslle que acometa unha actuación urxente en moitas pistas do rural que levan abandonadas máis de catorce anos como é o caso da rúa das Olivas de Marcón, que é unha rúa moi transitada por traballadores e pacientes de Montecelo; o caso de Campañó que se deixou sen asfaltar 65 metros de unha pista no lugar de Cabaleiro; ou a estrada de Cabanas en Salcedo, incluíndo o tramo ata o colexio non só o que se asfaltou recentemente. Neste lugar tamén lle rogamos que adecente a fonte o lavadoiro de Cabanas e que se coloquen os contedores do lixo no seu lugar habitual e que se dote aos veciños do servizo de abastecemento de augas.

Rogámoslle tamén que se faga algo máis que meter unha pala nos terreos de Tomeza que se permutaron coa Igrexa coa previsión de facer unha casa da cultura, ampliar o campo da festa ou habilitar un parque infantil. Rogámoslle que en Lourizán se arranxe un muro que ameaza con derrubarse no lugar de Caritel para garantir a seguridade dos veciños. En Mourente, na zona de Vilaverde que revise o estado dos contedores do lixo, que se se pode a prolongación da beirarrúa ata pista cuberta do colexio e o arranxo de unha pista próxima a esas inmediacións.

Estas non son todas as necesidades dos veciños do rural pero seguiremos traendo nos próximos plenos. Rogámoslle que atenda a todos os veciños do mesmo xeito, que está moi ben que atenda ás necesidades dos que lle votan pero atenda tamén as necesidades dos que nos lle votan que son igual de pontevedreses que o resto.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Nogueira.

Seguidamente concede a palabra a don Demetrio Gómez Xunqueira, concelleiro do grupo municipal do BNG e delegado de servizos territorializados en determinadas parroquias.

**O Sr. Gómez Xunqueira:** Moitas grazas, Sr. Alcalde. Bos días.

Agradécémoslles que se acorden do rural outra vez e ademais agradécémoslle que

despois de dous anos xa non vaian por alí co aquel uniforme entre a OJE, safari, Boy Scout, e tamén lle agradecemos que fagan un relatorio de todo non, de moitas cousas que estamos a facer agora mesmo no rural. Mire, senón fose algo serio podería seguir con este ton de broma, pero é que é serio, no rural estase actuando, ademais do que dixo vostede nunha gran cantidade de ámbitos, en parques e en zonas de lecer, no saneamento, no viario público, no espazo público, en servizos como os cemiterios, as augas, o alumado, hai actividades culturais, hai actividades de muller, hai actividades de servizos sociais, se está actuando na conservación, catalogación e posta en valor do patrimonio natural e do patrimonio material e do patrimonio inmaterial, estase coa recollida da toponimia, colabórase con todo tipo de asociacións, está en vigor o plan Monte Vivo, actúase en sendas, hai unha barbaridade de actuacións, hai moitísimas actuacións en todas as parroquias pero do seu rogo, que por suposto atendemos e recolleemos como todos os demais, hai algo que non llo admito, hai algo que non llo admito, porque do que si estamos realmente orgullosos e de que todo, absolutamente todo o que se está facendo nas parroquias de Pontevedra, está consensuado con todas as entidades dos consellos parroquiais e eu, de verdade, quero felicitar a estas entidades que participan nos consellos parroquiais porque teñen altura de miras e priorizan atendendo ás necesidades da parroquia.

Eu, de verdade, non lle admito iso de que gobernamos só para uns poucos, gobiñase para todos, aténdese ás necesidades de todas e de todos priorizadas polo consello parroquial.

Moitas grazas, de todos os xeitos atendemos aos seus rogos e levarémollos a estes consellos para seguir co noso traballo.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 13:20 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.